

## **UNIDADE DIDÁCTICA**


para educación primaria (3º ciclo),  
educación secundaria obrigatoria  
e bacharelato


**EXPOSICIÓN**

**Do soño á apocalipse.  
Os vieiros da literatura fantástica  
en galego**



**XUNTA  
DE GALICIA**





XUNTA DE GALICIA

EDITA

Xunta de Galicia  
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude  
Dirección Xeral de Cultura  
Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro

DIRECTOR XERAL DE CULTURA

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

COORDINADOR

Biblioteca de Galicia

TEXTO

Alba Rozas Arceo

Santiago de Compostela, 2024

© Dos textos: a autora

© Ilustracións: Iago Torres Paris

MAQUETACIÓN Fausto Deseño Asociados

## **Proposta didáctica**

para educación primaria (3º ciclo),  
educación secundaria obrigatoria  
e bacharelato

EXPOSICIÓN

**Do sonho á apocalipse.  
Os vieiros da literatura fantástica  
en galego**

# Índice

Introdución	7
Obxectivos xerais	8
Unidade didáctica	8

## EDUCACIÓN PRIMARIA 9

### Terceiro Ciclo: 5º e 6º

#### Actividade preparatoria 1: Sabemos a onde imos? 10

Presentación  
Obxectivos  
Desenvolvemento  
Ligazóns para a consulta  
Áreas coas que se poden establecer conexións

#### Actividade preparatoria 2: Un sonho de meu 13

Presentación  
Obxectivos  
Desenvolvemento  
Áreas coas que se poden establecer conexións

#### Actividade na biblioteca 1: Á procura do tesouro 15

Presentación  
Obxectivos  
Desenvolvemento  
Áreas coas que se poden establecer conexións

#### Actividade de volta na aula 1: Vaia fantasía a ciencia ficción, case mete medo! 17

Presentación  
Obxectivos  
Desenvolvemento  
Áreas coas que se poden establecer conexións

#### Actividade de volta na aula 2: Enlarafuzadas de letras! 19

Presentación  
Obxectivos  
Desenvolvemento

## EDUCACIÓN SECUNDARIA 21

### Primeiro Ciclo: 1º e 2º

#### Actividade preparatoria 1: Investigamos a onde imos? 22

Presentación  
Obxectivos  
Desenvolvemento  
Ligazóns para a consulta  
Áreas coas que se poden establecer conexións

#### Actividade preparatoria 2: Preparando o macuto para a apocalipse 25

Presentación  
Obxectivos  
Desenvolvemento  
Áreas coas que se poden establecer conexións

#### Actividade na biblioteca 1: Afiando ben o lapis 27

Presentación  
Obxectivos  
Desenvolvemento  
Áreas coas que se poden establecer conexións

#### Actividade de volta na aula 1: Vaia fantasía a ciencia ficción, case mete medo! 29

Presentación  
Obxectivos  
Desenvolvemento  
Áreas coas que se poden establecer conexións

#### Actividade de volta na aula 2: Enlarafuzadas de letras! 31

Presentación  
Obxectivos  
Desenvolvemento

<b>EDUCACIÓN SECUNDARIA</b>	<b>33</b>	<b>ANEXOS: ACTIVIDADES EDUCACIÓN PRIMARIA. Terceiro Ciclo: 5º e 6º</b>	<b>45</b>	<b>ANEXOS: ACTIVIDADES EDUCACIÓN SECUNDARIA. Segundo Ciclo: 3º e 4º</b>	<b>79</b>
<b>Segundo Ciclo: 3º e 4º / Bacharelato: 1º</b>		<b>Anexo 1: Actividade preparatoria 2</b>	<b>46</b>	<b>Anexo 7: Actividade preparatoria 2</b>	<b>80</b>
<b>Actividade preparatoria 1: Investigamos a onde imos?</b>	<b>34</b>	Antoloxía de textos para traballar nas aulas de 5º e 6º de Primaria		Antoloxía de textos para traballar nas aulas de 3º e 4º da ESO e 1º de Bacharelato	
Presentación		<b>Anexo 2: Actividade na biblioteca 1</b>	<b>51</b>	<b>Anexo 8: Actividade na biblioteca 1</b>	<b>90</b>
Obxectivos		Á procura do tesouro		Afiando ben o lapis	
Desenvolvemento		Solucionario		Solucionario	
Ligazóns para a consulta		<b>Anexo 3: Actividade de volta na aula 2</b>	<b>54</b>	<b>Anexo 9: Actividade de volta na aula 2</b>	<b>94</b>
Áreas coas que se poden establecer conexións		Lectura   5º e 6º da Educación Primaria: <i>As probas do mago</i>		Lectura   3º da ESO: <i>Lapislázuli. O regreso das superguerreiras</i>	
<b>Actividade preparatoria 2: Preparando o macuto para a apocalipse</b>	<b>37</b>	Solucionario		Solucionario	
Presentación		<b>ANEXOS: ACTIVIDADES EDUCACIÓN SECUNDARIA. Primeiro Ciclo: 1º e 2º</b>	<b>59</b>	<b>Anexo 10: Actividade de volta na aula 2</b>	<b>99</b>
Obxectivos		<b>Anexo 4: Actividade preparatoria 2</b>	<b>60</b>	Lectura   4º da ESO: <i>Lapislázuli. O regreso das superguerreiras</i>	
Desenvolvemento		Antoloxía de textos para traballar nas aulas de 1º e 2º da ESO		Solucionario	
Áreas coas que se poden establecer conexións		<b>Anexo 5: Actividade na biblioteca 1</b>	<b>70</b>	<b>ANEXOS: ACTIVIDADES 1º BACHARELATO</b>	<b>105</b>
<b>Actividade na biblioteca 1: Afiando ben o lapis</b>	<b>39</b>	Á procura do tesouro		<b>Anexo 11: Actividade de volta na aula 2</b>	<b>106</b>
Presentación		Solucionario		Lectura   1º de Bacharelato: <i>Lapislázuli. O regreso das superguerreiras</i>	
Obxectivos		<b>Anexo 6: Actividade na biblioteca 1</b>	<b>73</b>	Solucionario	
Desenvolvemento		Lectura   1º e 2º da ESO: <i>Historias de Terramar 1. Un feiticeiro de Terramar</i>			
Áreas coas que se poden establecer conexións		Solucionario			
<b>Actividade de volta na aula 1: Vaia fantasía a ciencia ficción, case mete medo!</b>	<b>41</b>				
Presentación					
Obxectivos					
Desenvolvemento					
Áreas coas que se poden establecer conexións					
<b>Actividade de volta na aula 2: Enlarafuzadas de letras!</b>	<b>43</b>				
Presentación					
Obxectivos					
Desenvolvemento					



# 1. Introducción

En primeiro lugar, gustaríanos agradecer o interese que suscita a exposición *Do soño á apocalipse. Os vieiros da literatura fantástica en galego*, na que se presenta unha viaxe polos eidos da fantasía, da ciencia ficción e do terror en lingua galega mediante un amplo catálogo de obras de creación e tradución.

Esta mostra pódese visitar na Biblioteca de Galicia desde o 24 de outubro de 2024 ata o 31 de maio de 2025. Tamén está dispoñible para a visita virtual na seguinte ligazón:

[https://bibliotecadegalicia.xunta.es/documentos\\_biblioteca/vvirtuais/gaias/expo/00/](https://bibliotecadegalicia.xunta.es/documentos_biblioteca/vvirtuais/gaias/expo/00/)

A unidade didáctica que tes nas mans é o resultado do traballo de Alba Rozas e José Manuel Dopazo, fundadores de Boadicea Editora e profesores de ensino universitario e secundario. A nosa finalidade con esta proposta é fornecer o profesorado do ensino primario e secundario de obras de lectura e ferramentas para traballar con elas tanto na aula coma, de forma máis lúdica, visitando a exposición na Cidade da Cultura. Nesta liña, propoñemos unha serie de actividades para preparar a visita e para realizar durante o seu desenvolvemento, así como para reflexionar de volta nas aulas.

Mediante esta proposta, o alumnado poderá ampliar os seus coñecementos respecto da literatura galega e, máis concretamente, dos xéneros de fantasía, ciencia ficción e terror. Descubrirá as súas orixes, as tendencias que chegan ata a actualidade e decatarase das súas implicacións no eido cultural, social e artístico. Noutras palabras, o noso obxectivo é sementar o gran da fantasía, os mundos posibles e o misterio en pequenos e medianos lectores que deben ir xestando os seus propios gustos e pensamentos. Queremos que se marabilen, reflexionen e impresionen coas historias que sustentan o canon fantástico, ciencia ficcional e terrorífico da nosa literatura. Do mesmo xeito, trátase de que poñan en valor o que a propia literatura galega representa alén destes eidos.

As materias que gardan unha relación máis directa con esta proposta son as da área de Lingua Galega e Literatura. Con todo, tamén se pode valorar a interdisciplinariedade con outras materias do ámbito lingüístico (a través das traducións), coas áreas relacionadas coa expresión artística (mediante as capas e as ilustracións) ou mesmo coa Educación Física (se se quere realizar a Senda Mitolóxica do Monte Viso en Compostela, por exemplo).

Debido ás múltiples competencias e contidos curriculares que se traballan nesta unidade didáctica, consideramos que se podería incluír na programación non só de materias concretas, senón doutros documentos como o Plan de biblioteca, o Plan de lectura ou o Proxecto lingüístico do centro.

Por último, cómpre sinalar que as actividades da nosa proposta didáctica se basean na reflexión sobre a realidade a través da súa representación imaxinaria. Por este motivo, susténtanse, sobre todo e de forma transversal, na competencia persoal, social e de aprender a aprender e na competencia en conciencia e expresións culturais, e ponse o foco no traballo dos valores e na igualdade de xénero.

## 2. Obxectivos xerais

O obxectivo principal desta unidade didáctica é dar a coñecer, entre o profesorado e entre o alumnado, unha serie de obras de fantasía, ciencia ficción e terror que poderían funcionar como lecturas no ámbito educativo do ensino secundario. Descartamos a primaria, dado que se trata de obras enfocadas a un público adulto.

Xa se trate de obras de creación ou traducidas, é incontestable a escasa presenza dos xéneros da fantasía, da ciencia ficción e do terror en distintas editoriais e coleccións en lingua galega. De feito, moitas veces estas obras foron catalogadas de xeito inadecuado como «clásicos» ou «literatura xuvenil». En contraste, hai un público lector que se inclina por estes xéneros e que se achega a eles en diversos formatos (desde os libros en papel ata os videoxogos), especialmente na adolescencia, a etapa da vida onde se forman o criterio e o gusto lector.

Esta proposta pode axudar a que se promovan e afiancen os hábitos lectores entre a mocidade, creando o gusto por estes tres xéneros e traballando a conciencia o espírito crítico.

## 3. Unidade didáctica

Esta unidade didáctica vai dirixida a tres niveis dentro da educación regrada: o terceiro ciclo da primaria (5º e 6º), o primeiro ciclo da secundaria (1º e 2º da ESO) e o segundo e terceiro ciclo da secundaria (3º e 4º da ESO e 1º de bacharelato). As actividades que se presentan replícanse para todos os niveis, é dicir, son as mesmas para os distintos cursos, aínda que con graos de dificultade diferentes. Isto facilita que a visita á exposición se poida facer de maneira simultánea con varios cursos distintos.

A nosa proposta didáctica alicérase en tres partes: actividades previas á visita, actividades para levar a cabo durante a visita e actividades para a reflexión na aula despois da visita. O persoal docente poderá escoller aqueles exercicios que se adecúen máis á realidade do seu alumnado e mesmo adaptar algúns deles. Ademais, tamén se presentan actividades complementarias que poden axudar naqueles casos en que haxa un maior coñecemento destes xéneros por parte do profesorado ou do alumnado. Por último, propoñemos unha lectura por cada curso, a modo de exemplo, e escollemos as obras que consideramos máis acaídas para os tramos de idade propostos e para o contido curricular deses niveis. Non obstante, a obra escollida en cada caso pódese cambiar por outra das que se atopan na exposición. Deste xeito, cada docente poderá aproveitar e adaptar o material que achegamos como mellor considere para o desenvolvemento da súa materia. Por este motivo, tampouco se propoñen criterios específicos de avaliación.

O noso propósito principal é que esta unidade didáctica resulte amena tanto para o alumnado como para o profesorado, de tal maneira que se poida aproveitar a visita non só para ampliar coñecementos e fomentar a lectura, senón tamén para gozar do seu desenvolvemento.



**EDUCACIÓN PRIMARIA (TERCEIRO CICLO: 5º E 6º)**

# Actividade preparatoria 1

## Sabemos a onde imos?

### Presentación

Cando se trata de viaxar, tanto a título individual coma en grupo, é fundamental coñecer minimamente o lugar ao que nos diriximos. En certa maneira, trátase de crear unha realidade no noso maxín semellante á que xeran os libros.

Neste caso, propoñemos que o profesorado lle presente ao alumnado aqueles espazos en que se deterá na súa visita á capital, Santiago de Compostela. A partir de aí, por parellas ou grupos de tres, deberán buscar información non só deses lugares, senón tamén das normas básicas de comportamento neles requiridas. Por exemplo, na Cidade da Cultura visitarase a biblioteca e, xa que logo, unha norma fundamental é falar en voz baixa para non molestar nin interromper o traballo ou o estudo das persoas que estean nela.

Unha vez recollida a información, esta transmitiráselle de forma oral ao resto de compañeiras e compañeiros mediante unha breve exposición. Do mesmo xeito, tamén se poderá realizar un decálogo escrito de normas básicas para a excursión. Deste modo, non só se desenvolverán as competencias tecnolóxicas, de comprensión lectora e de expresión oral, senón que faremos partícipe o alumnado da realidade social de fóra da aula.

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. OBX. 3 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. OBX. 4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. OBX. 5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. OBX. 6 (referido á busca e tratamento da información).

### b | Obxectivos específicos

1. Buscar información sobre o lugar que imos visitar.
2. Elaborar conxuntamente un decálogo de normas básicas para a excursión.
3. Xerar unhas expectativas positivas cara á visita.

## Desenvolvemento

1. Informar o alumnado sobre a visita que vai realizar a Santiago de Compostela e á Cidade da Cultura, así como ao resto de lugares aos que se irá nesa viaxe, e máis concretamente á exposición *Do sonho á apocalipse*, na Biblioteca de Galicia.
2. Para estimular a fantasía arredor destes espazos, lanzaranse unhas preguntas básicas coas que se activarán os coñecementos previos sobre eles: Sabedes onde está Santiago de Compostela? Coñeces a Cidade da Cultura? Fostes algunha vez á Biblioteca de Galicia?...  
En primeiro lugar, daráselles voz a aquelas persoas que respondan cunha negativa, pois poderán formular hipóteses sobre como imaxinan estes lugares. Falaráselles tamén do Bosque de Galicia e da Senda Mitolóxica do Monte Viso, co fin de avivar a fantasía. A continuación, as persoas que xa foran á Cidade da Cultura, á Biblioteca de Galicia ou á senda mitolóxica tomarán a palabra para explicar como as lembran e que foi o que máis lles gustou deses espazos.
3. En segundo lugar, realizaranse pequenos grupos e distribuiránselles aqueles lugares que se visitarán co fin de buscaren en Internet información sobre eles: Cidade da Cultura, Biblioteca de Galicia, Santiago de Compostela, Senda Mitolóxica do Monte Viso, Bosque de Galicia... e a exposición *Do sonho á apocalipse*.  
A continuación, cada un dos grupos preparará unha exposición oral na que han de mostrar as partes que máis lles gustaría visitar, así como as normas que deberán seguir na visita a estes espazos.
4. Finalmente, de maneira oral e conxunta, redactarase un decálogo de boas maneiras para a excursión que se vai realizar. Para a elaboración do decálogo, buscaranse os puntos en común de todas as exposicións, así como outras pautas específicas, e mesmo algunha máis que se deba incorporar (comportamento no autobús e nos espazos abertos etc.).

## Ligazóns para a consulta

**a** | Páxina web da Cidade da Cultura: <https://www.cidadedacultura.gal/>

**b** | Páxina web do Concello de Santiago: <http://santiagodecompostela.gal/>

**c** | Páxina web da Biblioteca de Galicia: <https://bibliotecadegalicia.xunta.gal/>

**d** | Páxina web de exposicións virtuais da Biblioteca de Galicia: [http://bibliotecadegalicia.xunta.es/documentos\\_biblioteca/vvirtuais/gaias/expo/00/](http://bibliotecadegalicia.xunta.es/documentos_biblioteca/vvirtuais/gaias/expo/00/)

**e** | Senda Mitolóxica do Monte Viso: <https://gl.wikiloc.com/rutas-sendeirismo/monte-viso-senda-mitologica-62843239/>

---

## Áreas coas que se poden establecer conexións

**a** | Ciencias Sociais

**b** | Educación Física

## Actividade preparatoria 2

### Un soño de meu

#### Presentación

Centrarémonos na exposición *Do soño á apocalipse* e aproveitaremos para fomentar a lectura e suscitar o interese sobre o que veremos na Biblioteca de Galicia.

Neste caso, propoñemos que o profesorado reparta os fragmentos escollidos para este alumnado (anexo 1) e dos que despois poderá ver as obras completas na exposición. Os fragmentos están adaptados para a franxa de idade de 10 a 12 anos, de tal maneira que o alumnado non só os poida comprender e gozar, senón tamén volver sobre estas lecturas no futuro.

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. OBX. 3 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. OBX. 4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. OBX. 5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. OBX. 6 (referido á busca e tratamento da información).

### b | Obxectivos específicos

1. Lectura e comprensión de textos adaptados das novelas expostas.
2. Elaboración dun debuxo respecto das descrições fornecidas nos textos.
3. Posta en común das diferentes visións trazadas.

## Desenvolvemento

1. Repartiranse os textos adaptados da exposición *Do soño á apocalipse* e leranse en alto, cos comentarios pertinentes respecto tanto do vocabulario novo coma da idea conxunta que se describa en cada texto (anexo 1).
2. Unha vez traballadas as lecturas e respondidas as cuestións pertinentes, procederase a repartir follas en branco e cores para que cada alumno faga un debuxo do que lle suxerise un dos tres fragmentos.  
Estes debuxos poderán facer parte dun mural exposto na propia aula ou nos corredores do colexio.

## Áreas coas que se poden establecer conexións

- a | Educación Plástica e Visual

# Actividade na biblioteca 1

## Á procura do tesouro

### Presentación

Unha vez chegados á Biblioteca de Galicia e tras as debidas explicacións por parte do profesorado do que supón a exposición *Do soño á apocalipse*, o alumnado poderá entrar en contacto de forma máis directa con toda a literatura exposta. Farase a través dun xogo de pistas que o levará por todas as obras xa presentadas nas aulas e das que o propio profesorado falará na visita.

Neste caso, propoñemos que o profesorado reparta as follas habilitadas neste documento cunha serie de preguntas relacionadas coa exposición (anexo 2). Deste modo, fomentárase a relación coas obras das que se leron fragmentos e afianzaranse os coñecementos adquiridos durante a visita á exposición. Toda a información requirida estará presente tanto nos paneis explicativos coma nas propias capas dos libros.

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. OBX. 3 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. OBX. 4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. OBX. 5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. OBX. 6 (referido á busca e tratamento da información).

### b | Obxectivos específicos

1. Lectura e comprensión de preguntas directas.
2. Fomento da atención durante a visita.
3. Posta en común das respostas achadas.

## Desenvolvemento

1. Repártense as follas do xogo proposto arredor da exposición *Do soño á apocalipse* para a súa lectura individual (anexo 2). Pódese traballar tanto individualmente coma en grupo, dependendo das preferencias do profesorado e das necesidades do alumnado.
2. Despois de solucionar as dúbidas que poidan xurdir arredor do cuestionario, o alumnado conta con arredor de quince minutos para resolver todas as preguntas.
3. Finalmente, resólvese en conxunto.

## Áreas coas que se poden establecer conexións

- a | Educación Plástica e Visual

## Vaia fantasía a ciencia ficción, case mete medo!

### Presentación

Xa de volta na escola, mentres repousan os coñecementos adquiridos na exposición *Do soño á apocalipse*, podemos propoñer unha serie de debates abertos nos que non só se explique o que máis gustou e o que menos, senón tamén as conexións trazadas coa realidade a partir das lecturas destes xéneros.

Desta volta, propoñemos que o profesorado abra a quenda de debate a través da súa propia experiencia e que o alumnado tome a iniciativa con opinións e lembranzas. Tamén resultaría de interese anotar as apreciacións nun caderno de viaxe cos aspectos positivos das vivencias na capital e na exposición.

# Actividade de volta na aula 1

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. OBX. 3 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. OBX. 4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. OBX. 5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. OBX. 6 (referido á busca e tratamento da información).

### b | Obxectivos específicos

1. Posta en común das apreciacións persoais.
2. Fomento da opinión e forxado de lazos coa lectura.
3. Comezo dun caderno de viaxes.

## Desenvolvemento

1. Iniciarase un debate aberto arredor do que máis gustou desta excursión e, concretamente, da exposición e das lecturas vistas en *Do soño á apocalipse*. O profesorado pode abrir esta quenda a través da súa propia experiencia.
2. Pódese animar o alumnado a que fale a través de preguntas sinxelas: Que foi o que máis vos gustou da exposición? Cal foi o primeiro libro que lestes de fantasía, ciencia ficción ou terror?... A continuación, poderanse propoñer cuestións máis complexas: Cal é a diferenza básica entre a fantasía e a ciencia ficción? Hai máis homes ou mulleres escritoras?...
3. Finalmente, o profesorado pode tomar nota no encerado das ideas máis interesantes xurdidas no debate. A partir de aí, o alumnado creará un caderno de viaxes propio no que poida anotar tanto as experiencias e as sensacións da visita realizada como aqueles datos que lle parecen máis interesantes sobre a exposición *Do soño á apocalipse*, así como debuxos dos seres que máis lles chamasen a atención.

## Áreas coas que se poden establecer conexións

a | Ciencias Sociais

b | Educación Plástica e Visual

## Enlarafuzadas de letras!

### Presentación

Aínda que presentamos esta actividade para o seu desenvolvemento á volta da exposición, poderíase realizar antes, pois non ten unha periodización concreta respecto do material exposto. Neste caso, propoñemos a lectura dunha obra que, malia que non está presente na exposición por non estar dirixida a un público adulto, podería ter entrado polas súas características propias: maxia e fantasía.

Xa que logo, presentamos unha serie de actividades relacionadas cunha obra de lectura axeitada para a franxa de idade de 10 a 12 anos (anexo 3). Con ela, o alumnado poderá poñer en práctica o aprendido na exposición *Do soño á apocalipse* ou ao revés; se a lectura é previa, poderá aplicar os coñecementos adquiridos unha vez que estea no Gaiás.

## Actividade de volta na aula 2

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. OBX. 3 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. OBX. 4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. OBX. 5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. OBX. 6 (referido á busca e tratamento da información).

### b | Obxectivos específicos

1. Posta en común das apreciacións persoais.
2. Fomento da opinión e forxado de lazos coa lectura.

## Desenvolvemento

1. Instarase a lectura por parte de todo o alumnado da obra *As probas do mago*, de Vanesa Santiago (esta autora aparece na exposición coa obra de fantasía Ninguén lembra). Neste caso, o libro presenta un rapaz e unha rapaza que deben superar unha serie de probas en diferentes lugares de Galicia para seren seleccionados como aprendices de mago.
2. Presentamos un modelo de actividades con diversas modalidades que se poden realizar na propia aula, na casa, escritas ou verbalmente. Deste xeito, facilitamos que o profesorado empregue o método que sexa máis adecuado para cada alumno e alumna e para cada clase. Tamén se inclúen actividades complementarias (anexo 3).



**EDUCACIÓN SECUNDARIA PRIMEIRO CICLO: 1º E 2º**

# Actividade preparatoria 1

## Investigamos a onde imos?

### Presentación

Cando se trata de viaxar, tanto a título individual coma en grupo, é fundamental coñecer minimamente o lugar ao que nos diriximos. En certa maneira, trátase de crear unha realidade no noso máxín semellante á que nos xeran os libros.

Neste caso, propoñemos que o profesorado presente ante o alumnado aqueles espazos en que se deterá na súa visita á capital, Santiago de Compostela. A partir de aí, por parellas, deberá buscar información non só deses lugares, senón tamén das normas básicas de comportamento requiridas neles. Por exemplo, na Cidade da Cultura visitarase a biblioteca e, xa que logo, unha norma fundamental é falar en voz baixa para non molestar nin interromper o traballo ou o estudo das persoas que estean nela.

Unha vez recollida a información, transmitiráselle de forma oral ao resto de compañeiras e compañeiros mediante unha breve exposición. Do mesmo xeito, tamén se poderá realizar un decálogo escrito de normas básicas nunha excursión. Deste modo, non só desenvolveremos as competencias tecnolóxicas, de comprensión lectora e de expresión oral, senón que faremos partícipe o alumnado da realidade social de fóra da aula.

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. B2 CA2.2 (referido á produción de textos orais e multimodais)
2. B2 CA2.4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais)
3. B2 CA2.5 (referido á produción de textos escritos e multimodais)
4. B2 CA2.6 (referido á busca e tratamento da información)

### b | Obxectivos específicos

1. Buscar información sobre o lugar que imos visitar.
2. Elaborar conxuntamente un decálogo de normas básicas para a excursión.
3. Xerar unhas expectativas positivas cara á visita.

## Desenvolvemento

1. Informarase o alumnado sobre a visita que vai realizar a Santiago de Compostela e á Cidade da Cultura, así como ao resto de lugares aos que se irá nesa viaxe, e máis concretamente á exposición *Do soño á apocalipse* na Biblioteca de Galicia.

2. Para estimular a fantasía arredor destes espazos, lanzaranse unhas preguntas básicas coas que se activarán os coñecementos previos sobre eles: Sabedes desde cando Santiago de Compostela é a capital de Galicia? Coñecedes a Cidade da Cultura? Sabiades a cantidade de libros que contén a Biblioteca de Galicia?...

En primeiro lugar, daráselles voz a aquelas persoas que responden cunha negativa, pois poderán formular hipóteses sobre como imaxinan estes lugares. Falaráselles tamén do Bosque de Galicia e da Senda Mitolóxica do Monte Viso, co fin de avivar a fantasía. A continuación, as persoas que xa foran á Cidade da Cultura, á Biblioteca de Galicia ou á senda mitolóxica tomarán a palabra para explicar como as lembran e que foi o que máis lles gustou deses espazos.

3. En segundo lugar, realizaranse pequenos grupos e distribuiránselles aqueles lugares que se visitarán co fin de buscaren en Internet información sobre eles, e mesmo se poderá trazar un percorrido posible para a súa visita: Cidade da Cultura, Biblioteca de Galicia, Santiago de Compostela, Senda Mitolóxica do Monte Viso, Bosque de Galicia... e a exposición *Do soño á apocalipse*. A continuación, cada un destes grupos preparará unha exposición oral na que ha de mostrar os datos máis relevantes —históricos e actuais— sobre estes lugares, así como as normas que se deben seguir na visita.
4. Finalmente, de maneira oral e conxunta, redactarase un decálogo de boas maneiras para a excursión que se vai realizar. Poderase facer partícipe o alumnado da elaboración da ruta preguntándolle se considera indispensable algunha parada na visita. Para a elaboración e redacción do catálogo, anotaranse as pautas en común de todas as exposicións, así como as específicas, e mesmo algunha máis que se poida incorporar (comportamento no autobús e nos espazos abertos, lugares de interese para visitar etc.).

## Ligazóns para a consulta

**a** | Páxina web da Cidade da Cultura: <https://www.cidadedacultura.gal/>

**b** | Páxina web do Concello de Santiago: <http://santiagodecompostela.gal/>

**c** | Páxina web da Biblioteca de Galicia: <https://bibliotecadegalicia.xunta.gal/>

**d** | Páxina web de exposicións virtuais da Biblioteca de Galicia: [http://bibliotecadegalicia.xunta.es/documentos\\_biblioteca/vvirtuais/gaias/expo/00/](http://bibliotecadegalicia.xunta.es/documentos_biblioteca/vvirtuais/gaias/expo/00/)

**e** | Senda Mitolóxica do Monte Viso: <https://gl.wikiloc.com/rutas-sendeirismo/monte-viso-senda-mitologica-62843239/>

---

## Áreas coas que se poden establecer conexións

**a** | Ciencias Sociais

**b** | Educación Física

## Actividade preparatoria 2

### Preparando o macuto para a apocalipse

#### Presentación

Centrarémonos na exposición *Do soño á apocalipse* e aproveitaremos para fomentar a lectura e suscitar o interese sobre o que veremos na Biblioteca de Galicia. É interesante que o alumnado, ademais de ter traballada algunha das obras que aparecerán na exposición como lectura de aula, poida tamén contar con fragmentos doutras que fan parte desta selección.

Neste caso, propoñemos que o profesorado reparta a selección de fragmentos escollidos entre o alumnado para que vaia cunha idea formada das obras que poderá ver na exposición (anexo 4). Os fragmentos escollidos, aínda que de obras pertencentes a público lector adulto, teñen unha doada lectura para a idade de 12 a 15 anos. Deste xeito, non só os poderán comprender e gozar, senón que tamén poderán volver a estas lecturas nun futuro se quixeren.

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. B2 CA2.2 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. B2 CA2.4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. B2 CA2.5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. B2 CA2.6 (referido á busca e tratamento da información).

### b | Obxectivos específicos

1. Lectura e comprensión de textos adaptados das novelas expostas.
2. Elaboración dun relato respecto das descrições fornecidas nos textos.
3. Posta en común das diferentes visións trazadas.

## Desenvolvemento

1. Repartiranse os textos escollidos das obras expostas na exposición *Do soño á apocalipse* e leranse en alto, cos comentarios pertinentes relacionados tanto co vocabulario novo como coa idea conxunta que se describa en cada texto (anexo 4).
2. Despois de ter traballadas as lecturas e respondidas as cuestións pertinentes, procederase a repartir follas en branco para realizar actividades arredor delas. Unha das posibilidades máis sinxelas é a redacción dun relato no que cada un sexa protagonista e explique como reaccionaría se se atopase na mesma situación que se describe nalgún dos fragmentos.  
Outra posibilidade é que, en grupos de tres ou catro persoas, redacten unha descrición dalgún ser inventado por eles e elas. Tamén poden crear un mundo imaxinario, unha máquina e as súas utilidades, describir un escenario terrorífico... Existen unha infinidade de actividades nesta liña.
3. Finalmente, estas descrições, relatos e invencións pódense reunir e publicar como unha obra colectiva de toda a clase ou de todo o nivel educativo. Ademais, poderán ir acompañadas de debuxos, colaxes ou caligramas. Desta maneira, o alumnado sentirase partícipe do labor de creación literaria e entrará con maior interese na exposición.

## Áreas coas que se poden establecer conexións

- a | Educación Plástica e Visual

# Actividade na biblioteca 1

## Afiando ben o lapis

### Presentación

Unha vez que estamos na Biblioteca de Galicia, tras as debidas explicacións por parte do profesorado do que supón a exposición *Do soño á apocalipse*, o alumnado poderá entrar en contacto de forma máis directa con toda a literatura exposta. Farase a través dun xogo de pistas que o leve por todas as obras xa presentadas nas aulas e das que o propio profesorado falará na visita.

Neste caso, propoñemos que o profesorado reparta as follas habilitadas neste documento cunha serie de preguntas relacionadas coa exposición (anexo 5). Deste modo, fomentárase a relación coas obras das que se leron fragmentos e afianzaranse os coñecementos adquiridos durante a visita á exposición. Toda a información requirida estará presente tanto nos paneis explicativos coma nas propias capas dos libros.

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. B2 CA2.2 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. B2 CA2.4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. B2 CA2.5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. B2 CA2.6 (referido á busca e tratamento da información).

### b | Obxectivos específicos

1. Lectura e comprensión de preguntas directas.
2. Fomento da atención durante a visita.
3. Posta en común das respostas achadas.

## Desenvolvemento

1. Repartiranse as follas do xogo proposto para a exposición *Do soño á apocalipse* e farase unha lectura individual (anexo 5). Poderase traballar tanto individualmente coma en grupos, dependendo das preferencias do profesorado e das necesidades do alumnado.
2. Despois de solucionar as dúbidas que poidan xurdir arredor do cuestionario, o alumnado conta con quince minutos aproximadamente para resolver todas as preguntas.
3. Finalmente, resólvese en conxunto.

## Áreas coas que se poden establecer conexións

- a | Educación Plástica e Visual

## Vaia fantasía a ciencia ficción, case mete medo!

### Presentación

Xa de volta na escola, mentres deixamos repousar os coñecementos adquiridos na exposición *Do soño á apocalipse*, podemos propoñer unha serie de debates abertos nos que non só se explique o que máis gustou e o que menos, senón tamén as conexións trazadas coa realidade a partir das lecturas destes xéneros.

Desta vez, propoñemos que o profesorado abra a quenda de debate a través da súa propia experiencia e que o alumnado tome a iniciativa con opinións e lembranzas. Tamén resultaría de interese anotar as apreciacións nun caderno de viaxe cos aspectos positivos das vivencias na capital e na exposición.

# Actividade de volta na aula 1

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. B2 CA2.2 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. B2 CA2.4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. B2 CA2.5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. B2 CA2.6 (referido á busca e tratamento da información).

### b | Obxectivos específicos

1. Posta en común das apreciacións persoais.
2. Fomento da opinión e forxado de lazos coa lectura.
3. Comezo dun caderno de viaxes.

## Desenvolvemento

1. Iniciarase un debate aberto arredor do que máis gustou desta excursión e, concretamente, da exposición e das lecturas vistas en *Do soño á apocalipse*. O profesorado pode abrir esta quenda a través da súa propia experiencia.
2. Pódese animar o alumnado a falar a través de preguntas sinxelas: Que foi o que máis vos gustou da exposición? Cal foi o primeiro libro que lestes de fantasía, ciencia ficción ou terror?... A continuación, poderanse propoñer cuestións máis complexas: Cal é a diferenza básica entre a fantasía e a ciencia ficción? Hai máis homes ou mulleres escritoras?...
3. Finalmente, o profesorado pode tomar nota no encerado das ideas máis interesantes xurdidas no debate. A partir de aí, o alumnado creará un caderno de viaxes propio no que poderá anotar tanto as experiencias e as sensacións da visita realizada como aqueles datos que lle parecen máis interesantes sobre a exposición *Do soño á apocalipse*, así como debuxos dos seres que máis lle chamasen a atención.

## Áreas coas que se poden establecer conexións

a | Ciencias Sociais

b | Educación Plástica e Visual

## Enlarafuzadas de letras!

### Presentación

Aínda que presentamos esta actividade para o seu desenvolvemento á volta da exposición, poderíase realizar antes, pois non ten unha periodización concreta respecto do material exposto. Neste caso, propoñemos a lectura dunha obra que está presente na exposición, pois forma parte esencial da fantasía escrita por mulleres. Trátase da obra *Un feiticeiro de Terramar. Historias de Terramar I*, de Ursula K. Le Guin. Neste libro, a autora senta as bases da fantasía épica antiprometeica, é dicir, aquela que non se basea en grandes batallas. Ademais, establece o arquetipo do feiticeiro mozo e aprendiz que observamos noutras obras contemporáneas.

Xa que logo, presentamos unha serie de actividades relacionadas cunha obra de lectura axeitada para a franxa de idade de 12 a 14 anos (anexo 6). Con ela, o alumnado poderá poñer en práctica o aprendido na exposición *Do soño á apocalipse* ou ao revés; se a lectura é previa, poderá aplicar os coñecementos adquiridos unha vez que estea no Gaiás.

## Actividade de volta na aula 2

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. OBX. 3 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. OBX. 4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. OBX. 5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. OBX. 6 (referido á busca e tratamento da información).

### b | Obxectivos específicos

1. Posta en común das apreciacións persoais.
2. Fomento da opinión e forxado de lazos coa lectura.

## Desenvolvemento

1. Instarase a lectura por parte de todo o alumnado da obra *Un feiticeiro de Terramar. Historias de Terramar I*, de Ursula K. Le Guin. Este libro supón o inicio dunha saga de seis volumes que aparece na exposición traducida ao galego. Nestes libros, a autora procura poñer de manifesto e facer visibles as desigualdades sociais no que ten que ver coa raza, o xénero e a clase. Neste caso, a historia versa arredor dun mozo que descobre os seus poderes, entra nunha escola de maxia para dominalos e, finalmente, ten que percorrer diferentes recunchos do mundo de Terramar, na procura dunha sombra que o persegue.
2. Presentamos un modelo de actividades con diversas modalidades que se poden realizar na propia aula ou na casa, escritas ou verbalmente. Deste xeito, facilitamos que o profesorado empregue o método que resulte máis acaído para cada alumno e alumna e para cada clase, incluídas as actividades complementarias (anexo 6).



**EDUCACIÓN SECUNDARIA SEGUNDO CICLO: 3° E 4° | BACHARELATO: 1°**

# Actividade preparatoria 1

## Investigamos a onde imos?

### Presentación

Cando se trata de viaxar, tanto a título individual coma en grupo, é fundamental coñecer minimamente o lugar ao que nos diriximos. En certa maneira, trátase de crear unha realidade no noso maxín semellante á que nos xeran os libros.

Neste caso, propoñemos que o profesorado presente ante o alumnado aqueles espazos en que se deterá na súa visita á capital, Santiago de Compostela. A partir de aí, por parellas, deberá buscar información non só deses lugares, senón tamén da relación entre eles e a historia e a literatura que compete o seu nivel educativo. Por exemplo, na Cidade da Cultura, de camiño á Biblioteca de Galicia, pasarase ao lado do Edificio Fontán, polo que se pode traballar a súa figura e a relevancia para a súa época e para a actualidade. Do mesmo xeito, o Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega está na propia biblioteca, así que se pode buscar información sobre a orixe desta institución, os seus integrantes e promotores etc.

Unha vez recollida a información, transmitiráselle de forma oral ao resto de compañeiras e compañeiros mediante unha breve exposición. Do mesmo xeito, tamén se poderá realizar un mapa dos lugares de interese histórico-literario polos que transcorrerá a excursión. Deste modo, non só desenvolveremos as competencias tecnolóxicas, de comprensión lectora e de expresión oral, senón que faremos partícipe o alumnado da realidade social e histórica de fóra da aula.

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. B2 CA2.2 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. B2 CA2.4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. B2 CA2.5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. B2 CA2.6 (referido á busca e tratamento da información).

### b | Obxectivos específicos

1. Buscar información sobre o lugar que imos visitar.
2. Elaborar conxuntamente un mapa de lugares de interese para a excursión.
3. Xerar unhas expectativas positivas cara á visita.

## Desenvolvemento

1. Informarase o alumnado sobre a visita que vai realizar a Santiago de Compostela e á Cidade da Cultura, así como ao resto de lugares aos que se irá nesa viaxe, e máis concretamente á exposición *Do soño á apocalipse*, na Biblioteca de Galicia.
2. Para estimular a fantasía arredor destes espazos, lanzaranse unhas preguntas básicas coas que se activarán os coñecementos previos sobre eles: Sabedes desde cando Santiago de Compostela é a capital de Galicia? Coñecedes a Cidade da Cultura? Sabiades a cantidade de libros que contén

a Biblioteca de Galicia?...

En primeiro lugar, daráselles voz a aquelas persoas que respondan cunha negativa, pois poderán formular hipóteses sobre como imaxinan estes lugares. Falaráselles tamén do Bosque de Galicia e da Senda Mitolóxica do Monte Viso, co fin de avivar a fantasía.

Tamén se lles informará dos nomes dos edificios da Cidade da Cultura para que investiguen sobre a súa motivación e propoñeráselles que pescuden sobre aqueles proxectos ou entidades que traballan nela. A continuación, as persoas que xa foran á Cidade da Cultura, á Biblioteca de Galicia ou á senda mitolóxica tomarán a palabra para explicar como as lembran e cal é a súa relevancia para a sociedade actual.

3. En segundo lugar, realizaranse pequenos grupos e distribuiráselles aqueles lugares que se visitarán, co fin de que busquen en Internet información sobre eles, e mesmo se poderá trazar un percorrido posible para a súa visita: Cidade da Cultura, Biblioteca de Galicia, Santiago de Compostela, Senda Mitolóxica do Monte Viso, Bosque de Galicia... e a exposición *Do soño á apocalipse*. A continuación, cada un destes grupos preparará unha exposición oral na que ha de mostrar os datos máis relevantes – históricos, literarios e actuais– sobre estes lugares, así como a relevancia que teñen para a sociedade actual.
4. Finalmente, de maneira oral e conxunta, elaborárase un mapa dos lugares de interese histórico-literario para a excursión que se vai realizar. Poderase facer partícipe o alumnado da elaboración da ruta preguntándolle se considera indispensable algunha parada na visita. Para a elaboración do mapa, anotarase as pautas en común de todas as exposicións, así como as específicas, e mesmo algunha máis que se poida incorporar para futuras visitas.

## Ligazóns para a consulta

**a** | Páxina web da Cidade da Cultura: <https://www.cidadedacultura.gal/>

**b** | Páxina web do Concello de Santiago: <http://santiagodecompostela.gal/>

**c** | Páxina web da Biblioteca de Galicia: <https://bibliotecadegalicia.xunta.gal/>

**d** | Páxina web de exposicións virtuais da Biblioteca de Galicia: [http://bibliotecadegalicia.xunta.es/documentos\\_biblioteca/vvirtuais/gaias/expo/00/](http://bibliotecadegalicia.xunta.es/documentos_biblioteca/vvirtuais/gaias/expo/00/)

**e** | Senda Mitolóxica do Monte Viso: <https://gl.wikiloc.com/rutas-sendeirismo/monte-viso-senda-mitologica-62843239/>

---

## Áreas coas que se poden establecer conexións

**a** | Ciencias Sociais

**b** | Educación Física

## Actividade preparatoria 2

### Preparando o macuto para a apocalipse

#### Presentación

Centrarémonos na exposición *Do soño á apocalipse* e aproveitaremos para fomentar a lectura e suscitar o interese sobre o que veremos na Biblioteca de Galicia. É interesante que o alumnado, ademais de ter traballada algunha das obras que aparecerán na exposición como lectura de aula, poida tamén contar con fragmentos doutras que fan parte desta selección.

Neste caso, propoñemos que o profesorado reparta a selección de fragmentos escollidos entre o alumnado para que vaia cunha idea formada das obras que poderá ver na exposición (anexo 7). Os fragmentos escollidos teñen unha doada lectura para a idade de 15 a 18 anos. Deste xeito, non só os poderán comprender e gozar, senón que tamén poderán facer estas lecturas se quixeren.

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. B2 CA2.2 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. B2 CA2.4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. B2 CA2.5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. B2 CA2.6 (referido á busca e tratamento da información).

### b | Obxectivos específicos

1. Lectura e comprensión de textos das novelas expostas.
2. Elaboración de argumentos para a clasificación dos textos.
3. Posta en común das diferentes visións trazadas.

## Desenvolvemento

1. Explicarase brevemente a diferenza entre fantasía, ciencia ficción e terror, de tal maneira que se poidan identificar os textos lidos na aula (anexo 7).
2. Repartiranse os textos escollidos das obras expostas na exposición *Do soño á apocalipse* e leranse en alto, cos comentarios pertinentes respecto tanto do vocabulario novo coma da idea conxunta que se describa en cada texto.
3. Unha vez traballadas as lecturas e respondidas as cuestións pertinentes, poñeranse en común os elementos de cada texto que leven o alumnado a clasificalo dentro dos xéneros previamente explicados (fantasía, ciencia ficción e terror).  
Outra posibilidade é que defendan, en grupos de tres ou catro persoas, unha clasificación posible, pero cuestionable, de cada un dos fragmentos. É dicir, aínda sabendo que un fragmento é fantasía, deben achegar argumentos que permitan a súa consideración como texto de terror ou de ciencia ficción. Deste modo, traballarase o debate e a argumentación e axilizarase a creatividade á hora de se atoparen ante unha situación pouco favorable dialecticamente.
4. Finalmente, a argumentación presentada polo alumnado podería ficar recollida nunha obra colectiva de análise literaria publicada polo propio centro ou, de contar cun sistema de radio no instituto, poderíanse aproveitar as clases como práctica para un faladoiro radiofónico arredor deste temas (fantasía, ciencia ficción e terror).

## Áreas coas que se poden establecer conexións

### a | Tecnoloxía

# Actividade na biblioteca 1

## Afiando ben o lapis

### Presentación

Unha vez que estamos na Biblioteca de Galicia, tras as debidas explicacións por parte do profesorado do que supón a exposición *Do soño á apocalipse*, o alumnado poderá entrar en contacto de forma máis directa con toda a literatura exposta. Farase a través dun xogo de pistas que o leve por todas as obras xa presentadas nas aulas e das que o propio profesorado falará na visita.

Neste caso, propoñemos que o profesorado reparta as follas habilitadas neste documento cunha serie de preguntas relacionadas coa exposición (anexo 8). Deste xeito, fomentárase a relación coas obras das que se leron fragmentos e afianzaranse os coñecementos adquiridos durante a visita á exposición. Toda a información requirida estará presente tanto nos paneis explicativos coma nas propias capas dos libros.

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. B2 CA2.2 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. B2 CA2.4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. B2 CA2.5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. B2 CA2.6 (referido á busca e tratamento da información).

### b | Obxectivos específicos

1. Lectura e comprensión de preguntas directas.
2. Fomento da atención durante a visita.
3. Posta en común das respostas achadas.

## Desenvolvemento

1. Repartiranse as follas do xogo proposto para a exposición *Do soño á apocalipse* e farase unha lectura individual (anexo 8). Poderase traballar tanto individualmente coma en grupos, dependendo das preferencias do profesorado e das necesidades do alumnado.
2. Despois de solucionar as dúbidas que poidan xurdir arredor do cuestionario, o alumnado conta con quince minutos aproximadamente para resolver todas as preguntas.
3. Finalmente, resólvese en conxunto.

## Áreas coas que se poden establecer conexións

- a | Educación Plástica e Visual

## Vaia fantasía a ciencia ficción, case mete medo!

### Presentación

Xa de volta na escola, mentres deixamos repousar os coñecementos adquiridos na exposición *Do soño á apocalipse*, podemos propoñer unha serie de debates abertos nos que non só se explique o que máis gustou e o que menos, senón tamén as conexións trazadas coa realidade a partir das lecturas destes xéneros.

Desta volta, propoñemos que o profesorado abra a quenda de debate a través da súa propia experiencia e que o alumnado tome a iniciativa con opinións e lembranzas. Tamén resultaría de interese anotar as apreciacións nun caderno de viaxe cos aspectos positivos das vivencias na capital e o aprendido na exposición.

# Actividade de volta na aula 1

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. B2 CA2.2 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. B2 CA2.4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. B2 CA2.5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. B2 CA2.6 (referido á busca e tratamento da información).

### b | Obxectivos específicos

1. Posta en común das apreciacións persoais.
2. Fomento da opinión e forxado de lazos coa lectura.
3. Comezo dun caderno de viaxes.

## Desenvolvemento

1. Iniciarase un debate aberto arredor do que máis gustou desta excursión e, concretamente, da exposición e das lecturas vistas en *Do soño á apocalipse*. O profesorado pode abrir esta quenda a través da súa propia experiencia ou retomando o debate iniciado na actividade preparatoria 2.
2. Pódese animar o alumnado a que fale a través de preguntas sinxelas: Que foi o que máis vos gustou da exposición? Cal foi o primeiro libro que lestes de fantasía, ciencia ficción ou terror?... A continuación, entrarase en cuestións máis complexas: Cal é a diferenza básica entre a fantasía e a ciencia ficción? É necesario fomentar e apoiar economicamente a tradución como método de mellora e ampliación do sistema literario? Existe suficiente visibilidade feminina nestes xéneros?...
3. Finalmente, o profesorado pode tomar nota no encerado das ideas máis interesantes xurdidas no debate. A partir de aí, o alumnado creará un caderno de viaxes propio no que poida anotar tanto as experiencias da visita realizada coma aqueles datos que lle parecían máis interesantes da exposición. Este caderno tamén se pode comezar antes da viaxe, de modo que o alumnado vaia sobre aviso e tome anotacións.

## Áreas coas que se poden establecer conexións

a | Ciencias Sociais

b | Educación Plástica e Visual

## Enlarafuzadas de letras!

### Presentación

Aínda que presentamos esta actividade para o seu desenvolvemento á volta da exposición, poderíase realizar antes, pois non ten unha periodización concreta respecto do material exposto. Neste caso, propoñemos a lectura dunha obra que está presente na exposición, pois forma parte esencial da fantasía escrita por mulleres. Trátase da obra *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*, de Alba Rozas. Neste libro, a autora xoga cos límites entre a fantasía e a ciencia ficción, co foco posto no liderado feminino. Na liña da fantasía xaponesa, que ten como protagonistas mozas posuidoras dun obxecto máxico ou poder especial, presenta cinco feiticeiras que acadaron os seus superpoderes por mérito propio e que con eles deben librar o mundo dunha praga de robots asasinados.

Xa que logo, presentamos unha serie de actividades relacionadas cunha obra de lectura axeitada para a franxa de idade de 14 anos en diante (anexos 9, 10, 11). Con ela, o alumnado poderá poñer en práctica o aprendido na exposición *Do soño á apocalipse* ou ao revés; se a lectura é previa, poderá aplicar os coñecementos adquiridos unha vez que estea no Gaiás. Ademais, as actividades que se presentan nesta unidade didáctica aproveitan os contidos propios de cada un dos niveis para que se poidan relacionar coa materia de Lingua Galega e Literatura.

## Actividade de volta na aula 2

## Obxectivos

### a | Obxectivos curriculares

1. OBX. 3 (referido á produción de textos orais e multimodais).
2. OBX. 4 (referido á comprensión de textos escritos e multimodais).
3. OBX. 5 (referido á produción de textos escritos e multimodais).
4. OBX. 6 (referido á busca e tratamento da información).

### b | Obxectivos específicos

1. Posta en común das apreciacións persoais.
2. Fomento da opinión e forxado de lazos coa lectura.

## Desenvolvemento

1. Instarase a lectura por parte de todo o alumnado da obra *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*, de Alba Rozas. Esta obra aparece na exposición como fantasía, aínda que podería estar en varias das vitrinas, pois abrangue diferentes temáticas dentro da fantasía e da ciencia ficción. Con ela, a autora pon o foco nas protagonistas femininas desde unha posición de poder e de mérito persoal, trazos moi pouco comúns nas novelas destes xéneros. A obra presenta unha Galicia invadida por robots asasinós, coñecidos coloquialmente como moscas, na que cinco feiticeiras se convirten en superguerreiras ao atopar as pedras de poder. Estas heroínas, lideradas por Lapislázuli, deben acabar coas moscas e mesmo enfrontarse ao gremio da feiticaría ao que pertencen.
2. Presentamos un modelo de actividades con diversas modalidades que se poden realizar na propia aula ou na casa, escritas ou verbalmente. Deste xeito, facilitamos que o profesorado empregue o método que sexa máis adecuado para cada alumno e alumna e para cada clase, incluídas as actividades complementarias. Neste caso, debido aos contidos curriculares diferentes en cada nivel, preparamos un modelo de actividade diferente para 3º da ESO (anexo 9), 4º da ESO (anexo 10) e 1º de bacharelato (anexo 11).



**ANEXOS**  
**ACTIVIDADES EDUCACIÓN PRIMARIA**  
**Terceiro Ciclo: 5° e 6°**

# Anexo 1

## Actividade Preparatoria 2

### Antoloxía de textos para traballar nas aulas de 5º e 6º de primaria

Con este exercicio, propoñemos traballar algunhas das obras que se recollen na exposición *Do soño á apocalipse* sobre literatura de fantasía, ciencia ficción e terror.

Preséntase a seguir unha antoloxía de textos extraídos das obras expostas e adaptados aos niveis educativos de 5º e 6º de primaria. Estes textos servirán para realizar as actividades propostas na unidade didáctica ligada á exposición, traballando na aula a identificación e a argumentación por parte do alumnado. Ademais, servirán como catalizador para traer á memoria outros textos lidos pola rapazada.

Co fin de servir de guía para o profesorado á hora de corrixir e dirixir esta actividade, presentamos o esquema da distribución das obras que se expoñen na Cidade da Cultura, cos títulos dos que se extraeron os fragmentos:

#### **Primeira sección: O sobrenatural convértese en mito**

Tradición popular, materia da Bretaña e realismo máxico galego:  
*O Axolote e outros contos de bestas e auga*, Lara Dopazo Ruibal

#### **Segunda sección: Mundos épicos para heroes e heroínas**

Fantasía: *O señor dos aneis I. A irmandade do anel*, J. R. R. Tolkien

#### **Terceira sección: O futuro deshumanizado e inhabitable**

Ciencia ficción: *Galiza mutante. Poder nuclear*, Tomás G. Ahola

#### **Cuarta sección: Imos morrer todos**

Terror: *A maldición de Hill House*, Shirley Jackson

### A modo de introdución...

*O concepto de literatura fantástica adóitase utilizar para designar aqueles textos que se desenvolven arredor dun ou de varios elementos irrealis, sobrenaturais ou que carecen dunha explicación racional con respecto ao noso mundo ou ao noso tempo. Trátase de elementos que a miúdo proceden da mitoloxía, do folclore, da tradición ou da cultura dos distintos pobos e que cumpren unha función esencial na historia.*

### Tradición popular, realismo máxico e materia da Bretaña

*O realismo máxico supón, no contexto americano, unha mestura entre elementos autóctonos e coloniais, é dicir, entre cultura primitiva e cultura moderna, maxia e razón, mito e ciencia, selva e cidade... Esta tendencia trasladouse á literatura galega en obras que mesturaron os mitos autóctonos co cotián sen deformar a realidade.*

Nesta liña, presentamos un fragmento do relato «O carpincho» da obra *O Axolote e outros contos de bestas e auga* (2020), de Lara Dopazo Ruibal. Este libro e este relato en concreto beben da tradición popular hispanoamericana. Nel, preséntase a Rosa Rosales, unha muller maltratada, xa viúva, á que lle comeza a falar, un día mentres cociña, o carpincho ao espeto e asado. Trátase do seu defunto esposo que lle quere pedir perdón por todo o mal causado. É unha obra de fácil lectura a partir dos 14 anos.

—Como raio podes falar cun pau espichado no medio da boca?

—En serio é o primeiro que queres preguntarlle ao teu defunto esposo?

—E como sei que é el e non unha rata xigante?

O carpincho remexíase na bandexa como se non estivese morto e esfolado, e a voz saíalle nidia por entre aqueles dentes pequeneiros e afiadados chantados nun pau.

—¡[...] Me chingaste en vida y me quieres chingar también de muerto!

E comezou a darlle golpes co pau, con tanta rabia e tanta forza que a bandexa caeu ao chan e rolou a uns metros de Rosa Rosales, a suficiente distancia como para que ao carpincho, ou ao Negro Vargas, lle dese tempo a pedir que parase cos golpes, que tiña algo que dicirle.

Lara Dopazo Ruibal

*O Axolote e outros contos de bestas e auga*

Editorial Galaxia, 2020

### A modo de introdución...

*A fantasía é herdeira da mitoloxía, das lendas e das historias do folclore. Daquela, pódese definir como unha narración que usa estruturas e linguaxes similares para crear un mundo novo coas súas propias leis.*

### Fantasía: Mundos épicos para heroes e heroínas

Dentro da fantasía, destaca especialmente a fantasía épica, tamén coñecida como de espada e bruxería, fantasía heroica ou de aventuras. Este xénero reúne historias baseadas no desenvolvemento de terras e heroes de maneira interrelacionada, posto que as accións de quen a protagoniza repercutirán no destino do mundo enteiro.

Entramos na fantasía a través dos relatos de heroes e heroínas da fantasía épica. Neste sentido, destaca J. R. R. Tolkien coa súa obra *O señor dos aneis* (1954), traducida ao galego por Moisés Barcia (2018). Dela extraemos o fragmento en que se explica a distribución de todos os aneis e a inscrición do anel único que porta Frodo Bulseiro. Este texto é particularmente recoñecible, xa que se recolle exactamente igual na versión levada ao cine. A relación entre obra literaria e cinematográfica facilita a súa lectura e traballo na aula desde os 14 anos.

—Non sei ler estas letras —dixo Frodo con voz trémula.  
—Non —dixo Gandalf—, pero eu si. Son letras élficas, dun estilo antigo, pero a lingua, que non vou pronunciar aquí, é a de Mordor. Na lingua común di aproximadamente isto:

Un anel para gobernalos a todos, un anel para atopalos,  
un anel para traelos a todos e atalos nas tebras.

Son só dous versos dunha estrofa moi coñecida na tradición élfica:

Tres aneis para os Reis os Elfos baixo o ceo,  
Sete para os Señores Ananos nas súas salas de pedra,  
Nove para os Homes Mortais condenados a morrer,  
Un para o Señor Escuro no seu trono escuro,  
na Terra de Mordor, onde se estenden as Sombras.  
Un anel para gobernalos a todos, un anel para atopalos,  
un anel para traelos a todos e atalos nas tebras,  
na Terra de Mordor, onde se estenden as sombras.

J. R. R. Tolkien  
*O señor dos aneis*  
Sushi Books. Rinoceronte Editora, 2018  
Tradución de Moisés Barcia

### A modo de introdución...

*O cerne da ciencia ficción é o positivismo, unha corrente filosófica que xorde no século XIX da necesidade de se preguntar doutro xeito pola realidade. O positivismo afirma que o coñecemento provén da experiencia e que se obtén a través do método científico, rexeitando o dogma, a metafísica ou os prexuízos.*

### Ciencia ficción: O futuro deshumanizado e inhabitable

*Existe certo consenso á hora de establecer cal é a primeira novela de ciencia ficción, aínda que anteceda en certa medida o auxe do positivismo. Trátase de Frankenstein ou do moderno Prometeo de Mary Shelley.*

*Xa desde finais da década de 1970 e, sobre todo a partir de 1990, abundan as obras que, no eido da ciencia ficción, aventan para nós un futuro deshumanizado, cunha natureza arrasada, marcado pola ditadura da tecnoloxía, o pensamento único e, en moitos casos, a represión extrema das mulleres.*

*Galiza mutante. Poder nuclear (2013), de Tomás G. Ahola, é unha obra de referencia para o público lector a partir dos 15 anos. Nela, o autor postula o que ocorrería se unha bomba nuclear estoupase en Galicia e a raza humana deviñese nunha serie de mutantes que loitan por sobrevivir a unha realidade que tan só son cascallos do mundo que habitamos hoxe en día.*

A paisaxe desde o campanario do templo era impresionante, mesmo case fermosa, aínda que Horario non a podía ver, xa que nacera sen ollos. E, malia que poida parecer unha ironía do Destino, o feito de ser unha criatura cega a que subía ao tellado máis alto da cidade para dar as horas e ver se todo seguía baixo control, tiña o seu aquel posto que a miúdo os ollos enganan.

Se Horario puidese ver cos órganos visuais ordinarios dun ser máis ou menos humano, o que ollaría desde a torre das campás sería unha cidade reciclada, feita cos restos doutra que estivera aló moito tempo atrás, pero que xa durmía baixo os cimentos da nova era. Ninguén dubidaba de que Cmph'sthulhu e a súa pintoresca xente fosen un gran motor de cambio e transformación, o lugar onde renaceran artes e ciencias perdidas para o saber común [...].

Os círculos interiores, moi pegados ao Templo e escasamente habitados, eran os que mellor conservaban a esencia do que fora a antiga cidade da Xente Vella, xa que os seus edificios foran construídos para duraren moito. O gran cuartel anular da garda permanente, as sedes das principais irmandades dedicadas ao coñecemento e o Templo en si eran construcións que saíran máis ou menos airosas dos tumultuosos tempos Froilán e do Caos [...]».

Tomás G. Ahola  
*Galiza mutante. Poder nuclear*  
 Revista *Contos Estraños*, 2013

### A modo de introdución...

*Por último, da tradición, da mitoloxía e do folclore da nosa xorden, desde inicios da pasada centuria, historias de terror nas que o sobrenatural vinculado ás crenzas e á ultratumba atormentan o ser humano que poucas veces ten escapatoria.*

### Terror: Imos morrer todos

*O medo está representado na literatura universal desde os seus inicios, pois constitúe a emoción máis vella e forte do ser humano. É un sentimento que frecuentemente vai precedido da sorpresa, provocada pola toma de conciencia dun perigo que ameaza a nosa integridade.*

*O medo máis estendido, tanto na realidade coma na ficción, é o medo á morte, de onde xorde o xénero gótico. Este xénero caracterízase por desenvolver historias sensacionalistas e de suspense, por practicar unha narración innovadora pese ao uso repetitivo de elementos na trama e por presentar fenómenos sobrenaturais ou aparentemente sobrenaturais.*

Se pensamos en terror gótico, con casas encantadas e pantasmas, vénnos á mente unha listaxe interminable de filmes e obras escritas e protagonizadas por homes. Non obstante, a meirande parte delas teñen como referencia *A maldición de Hill House* (1959), de Shirley Jackson. Nesta novela, a autora estadounidense presenta dúas mozas protagonistas dun fenómeno paranormal nunha casa acubillada nun outeiro. Xunto cun profesor especialista e o futuro herdeiro da casa, as dúas mulleres embárcanse nun proxecto de estudo que culminará co sacrificio dunha delas. A novela, traducida ao galego por Miguel González Álvarez (2024), é acaída para o público lector de 15 anos en diante. Ademais, conta con varias películas e unha serie que permitirían facer comparacións sobre as adaptacións realizadas.

Cando entrou, foi abrir a ventá, que sempre atopaba pechada. Ía pola metade do cuarto cando escoitou bater outra vez a porta do de Theodora e o seu berro afogado:

—Eleanor!

Eleanor saíu correndo ao corredor e foi ata a porta de Theodora para se deter, arrepiada, e mirar por riba do seu ombreiro.

—Que foi? —borboriñou.

—Como que que foi? A ti que che parece? —preguntou Theodora, dando en berrar como unha tola—. A ti que che parece, parva?

—Parece pintura —dixo dubitativa—. Só que... —engadiu ao se decatar—, só que cheira moi mal.

—É sangue —dixo Theodora con firmeza. Agarrouse á porta e abanea-ba canda ela, fitando—. Sangue. Por todos os lados. Non o ves?.

Shirley Jackson

*A maldición de Hill House*

Boadicea Editora, 2024

Tradución de Miguel González Álvarez

## Á procura do tesouro

Con este exercicio, buscamos que o alumnado poña atención nas capas, títulos e autoría das obras expostas. Somos conscientes de que hai diversidade en canto á dificultade das preguntas. Con todo, asumimos que non é necesario respondelas todas nin tampouco que exista unha única solución posible. O importante é que o alumnado se divirta, entre en contacto directo coas obras de fantasía, ciencia ficción e terror e, sobre todo, que se afeccione á lectura, a partir dun primeiro contacto con capas e títulos.

## Anexo 2 Actividade na biblioteca 1

1. Busca os libros que teñan a catedral de Santiago de Compostela na portada.
2. En que está inscrito o triángulo de Freixanes?
3. Existe un animal que parece un pokémon e que lle dá título ao libro de Lara Dopazo.
4. Busca o título dun libro que teña na capa unha serpe e un cesto de repolos.
5. De onde son as crónicas?
6. Quen regresa, segundo Alba Rozas?
7. Begoña Caamaño fala sobre unha raíña que tiña o poder de curar e mudar de forma. Que raíña é esa?
8. Entrando no terror... Cal é a lenda que podemos atopar nunha desas obras?
9. Con que se alumeaba Ánxel Fole?
10. Quen lembra, segundo Vanesa Santiago?
11. *Dragal*, cantos volumes son?
12. Cal é a casa maldita? E a autora?
13. Que número de mala sorte tocan as campañas?
14. Onde chegaron as galeras de Manuel Loureiro?
15. De que deus fala Uxía Casal?
16. De que cor é a cidade?
17. Busca o libro que ten a Cidade da Cultura na portada.
18. De quen é a obra *Merlín e familia*?
19. *Terramar*, cantos volumes ten nesta exposición?
20. Quen poden ser amigos?
21. Título da obra de ciencia ficción de Manuel Lourenzo.
22. Con que soñan os androides?
23. Quen é libre, segundo Concha Blanco?
24. Busca o título dun libro que teña na portada unha máquina de escribir.

## Solucionario

1. Revista *Contos Estraños e Galiza mutante. Poder nuclear*, Tomás G. Ahola
2. Nunha circunferencia: *O triángulo inscrito na circunferencia*, Víctor Freixanes
3. Un Axolote: *O Axolote e outros contos de bestas e auga*, Lara Dopazo
4. *Lendas de onte, soños de mañá*, Francisco Fernández Naval
5. De Marte: *Crónicas marcianas*, Ray Bradbury
6. As superguerreiras: *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*, Alba Rozas
7. Morgana: *Morgana en Esmelle*, Begoña Caamaño
8. *A lenda de Sleepy Hollow e outros relatos*, Washington Irving
9. Cun candil: *Á lus do candil*, Ánxel Fole
10. Ninguén: *Ninguén Lembra*, Vanesa Santiago
11. Cinco
12. Hill House e Shirley Jackson: *A maldición de Hill House*, Shiley Jackson
13. Trece: *Trece badaladas*, Suso de Toro
14. A Ferrol: *As galeras de Normandía*, Ramón Loureiro
15. Saturno: *Saturno tamén é deus*, Uxía Casal
16. Branca: *A Cidade Branca*, Xosé Lorenzo Tomé
17. *Rueiro da cidade escura*, Patricia A. Janeiro
18. Álvaro Cunqueiro
19. Catro (son seis volumes, pero aínda están en proceso de tradución e publicación)
20. Robots: *Amigos robots*, Isaac Asimov
21. *Atl*, Manuel Lourenzo
22. Con ovellas eléctricas: *Soñan os androides con ovellas eléctricas*, Philip K. Dick
23. O medo: *O medo é libre*, Concha Blanco
24. *Querido H. P. Lovecraft*, Antonio Manuel Fraga

## Anexo 3

### Actividade de volta na aula 2

#### Lectura | 5º e 6º de primaria

##### *As probas do mago*

Propoñemos o libro de lectura *As probas do mago*, de Vanesa Santiago (Boadicea Editora, 2022), para os cursos 5º e 6º de primaria. Presentamos unha serie de actividades para poder traballar o libro de lectura nas aulas ou mesmo para poder avaliar a súa posible lectura como obra obrigatoria nalgún dos trimestres.

Esta actividade consta de seis exercicios (e tres máis complementarios) cun progresivo nivel de dificultade. Busca relacionar os contidos da obra con parte da materia deste curso. Concretamente, traballaremos a análise de textos narrativos e centrarémonos nas personaxes, narradores, espazos e tempo.

1. Responde as seguintes preguntas sobre a obra *As probas do mago*, de Vanesa Santiago. Argumenta a resposta de xeito que demostres que liches o libro. Se o precisas, pódeste valer da propia obra.
  - a. Como se chaman os protagonistas da obra?
  - b. Quen é o seu mestre?
  - c. De onde é a avoa de Fuco? A que se dedica?
  - d. Que teñen que facer na primeira proba?
  - e. Que teñen que facer na segunda proba?
  - f. Que teñen que facer na última proba?
  - g. Onde remata a historia?
  - h. Que pasou co pai de Fuco?
  - i. Quen dos dous rapaces se converte en aprendiz de mago?

2. A partir do seguinte fragmento da novela, resume en dúas liñas o que pasa antes e o que pasa xusto despois:

—Namentres un que eu me sei folgaba, investi-quei sobre a lenda da moura Mariña no móbil. Todos pensan que foi unha santa que morreu calcinada nun forno. Hai moitas historias confusas arredor dela. Din que naceu na época dos romanos [...] quen, enfastiados, decidiron cortarlle a cabeza. Pero a cachola rebotou tres veces e, en cada un dos tres puntos en que tocou o chan, xurdiu unha fonte de auga milagreira. Dese xeito naceu a lenda de Santa Mariña. Mais, polo pouco que nos contou o mago, debe ser falsa, porque nos imos atopar con ela e non imaxino unha moura decapitada. Con todo..., quen sabe?

Fuco sentiu un arreguizo pola naturalidade coa que Aldara falaba de todas esas atrocidades, pero tamén algo de admiración.

Non usaba o móbil para simplemente fedellar, senón para se informar sobre a súa proba. E non abusara da súa vantaxe, máis ben ao contrario, decidira compartir con el o que aprendera. Quíxollo agradecer. Non obstante, Aldara xa se volvera ensimesmar e non parecía ter ganas de parola.

3. Como xa sabemos, os personaxes son aqueles seres aos que lles acontecen os feitos da historia. Saberías dicir cales son os personaxes principais e secundarios desta novela? Non esquezas facer unha descrición de cada un deles.
4. Os espazos son aqueles lugares polos que pasan os protagonistas e nos que ocorre algo importante. De todos os espazos que aparecen nesta novela, cal é o teu favorito e por que?
5. Agora unha pregunta un pouco máis complicada: saberías dicir en que tempo (máis ou menos) está situada esta historia? Lembra que o tempo non ten por que ser un ano concreto, senón unha época: a Idade Antiga, a Prehistoria, a Idade Media, a época romana, a actualidade... Non esquezas argumentar por que cres que é dese momento histórico e non doutro.
6. Finalmente, dá a túa opinión sobre esta obra e resalta aquelas cousas que che gustaron máis. Para aquelas que non che gustaron, busca a maneira en que quedarían mellor, segundo a túa opinión.

## Actividades complementarias

A continuación, propoñemos unha serie de actividades complementarias que permitirán valorar a comunicación oral do alumnado a través de conversas na aula.

1. Poñeranse en común aqueles elementos que resulten máis sorprendentes da obra.
2. Falarase, mediante fragmentos da obra, dos personaxes e dos lugares, pois estes últimos son todos reais e o alumnado pódalos visitar.
3. Por grupos, debaterase sobre os temas máis controvertidos: a posición da muller dentro da maxia (traendo a cuestión á nosa realidade), o ben e o mal (e os puntos de conexión entre eles), a necesidade de falar en persoa os problemas para evitar malos entendidos (a través da figura do pai) etc.

## Solucionario

1.

- a. Os protagonistas desta historia son Aldara e Fuco.
- b. O mestre que os guía no coñecemento da maxia é o druída Roque Duasaugas.
- c. A avoa de Fuco é do Courel e é unha meiga.
- d. Na primeira proba, deben recuperar o anel dunha moura.
- e. Na segunda proba, deben desentrañar o significado dun petróglifo.
- f. Na última proba, deben burlar un dragón no pico Sacro.
- g. A historia remata coa última proba no pico Sacro.
- h. O pai de Fuco estaba desaparecido porque marchara a África para seguir estudando maxia.
- i. Ambos os dous rapaces acaban por se converter en aprendices de mago.

2.

A nai de Fuco recolleu os rapaces para que se dirixisen á primeira das probas que debían realizar. Inmediatamente despois, chegan ao lugar e buscan as fontes para dar coa moura e conseguir o anel.

3.

Os personaxes principais son Aldara e Fuco. Ela é unha rapaza espelida que vive no Courel e leva anos preparándose para ser aprendiz de maga. Fuco, pola contra, é un neno criado na cidade e afastado de todas as realidades máxicas galegas. Con todo, ten un maior dominio da tecnoloxía.

Entre os personaxes secundarios, atopamos o druída Roque Dúsaugas, a nai de Fuco (Lucía) e a avoa (Rosalía), ademais dos seres mitolóxicos que van atopando, como a moura de Santa Mariña de Augas Santas.

4.

Os lugares principais aos que viaxan son O Courel, Santa Mariña de Augas Santas (Allariz), o parque arqueolóxico de Campo Lameiro e o pico Sacro (Santiago de Compostela, Boqueixón).

5.

Está ambientado na actualidade, pois os rapaces empregan teléfonos móbiles.

6.

Opinión persoal.





**ANEXOS**  
**ACTIVIDADES EDUCACIÓN SECUNDARIA**  
**Primeiro Ciclo: 1º e 2º**

## Anexo 4

### Actividade preparatoria 2

## Antoloxía de textos para traballar nas aulas de 1º e 2º da ESO

Con este exercicio, propoñemos traballar algunhas das obras que se recollen na exposición *Do soño á apocalipse* sobre literatura de fantasía, ciencia ficción e terror.

A seguir, preséntase unha antoloxía de textos extraídos das obras expostas e adaptados aos niveis educativos de 1º e 2º da ESO. Estes textos servirán para realizar as actividades propostas na unidade didáctica ligada á exposición, traballando na aula a identificación e a argumentación por parte do alumnado. Ademais, servirán como catalizador para traer á memoria outros textos lidos pola rapazada.

Co fin de servir de guía para o profesorado á hora de corrixir e dirixir esta actividade, presentamos o esquema da distribución das obras que se expoñen na Cidade da Cultura, cos títulos dos que se extraeron os fragmentos:

#### Primeira sección: O sobrenatural convértese en mito

**Tradición popular:** *Baleiro*, María Eijo; materia da Bretaña: *Merlín e familia i outras historias*, Álvaro Cunqueiro, e realismo máxico galego: *O Axolote e outros contos de bestas e auga*, Lara Dopazo Ruibal.

#### Segunda sección: Mundos épicos para heroes e heroínas

**Fantasía:** *O señor dos aneis I. A irmandade do anel*, J. R. R. Tolkien; *Ninguén lembra*, Vanesa Santiago, e *Lapislázuli. O regreso das super-guerreiras*, Alba Rozas.

#### Terceira sección: O futuro deshumanizado e inhabitable

**Ciencia Ficción:** *Atl*, Manuel Lourenzo; *Galiza mutante. Poder nuclear*, Tomás G. Ahola, e *Gastrulación*, Pablo Pesado.

#### Cuarta sección: Imos morrer todos

**Terror:** *A maldición de Hill House*, Shirley Jackson; *Saturno tamén é Deus*, Uxía Casal, e *Un terror de auga fría*, Xosé María Álvarez Cáccamo.

### A modo de introdución...

*O concepto de literatura fantástica adóitase utilizar para designar aqueles textos que se desenvolven arredor dun ou de varios elementos irrealis, sobrenaturais ou que carecen dunha explicación racional con respecto ao noso mundo ou ao noso tempo. Trátase de elementos que a miúdo proceden da mitoloxía, do folclore, da tradición ou da cultura dos distintos pobos e que cumpren unha función esencial na historia.*

### Tradición popular, realismo máxico e materia da Bretaña

*A tradición popular é a expresión da memoria colectiva dunha comunidade. Reúne o conxunto de valores, crenzas e costumes que a caracterizan; sobre todo, os transmitidos por vía oral. Neste sentido, poderíamos falar de obras como as de Ánxel Fole ou os relatos populares recollidos ao longo do primeiro terzo do século XX polas persoas integrantes da Época Nós.*

Para a tradición popular, propoñemos un relato de María Eijo, titulado *Baleiro*, que foi publicado no volume 6 da revista *Contos Estraños. Lendas de Gallaecia* (2013). Nel móstrase unha persoa que acorda, prende a luz e le unha carta, cun contexto recoñecible pero non explícito, que nos permite entrar nun conflito familiar pola herdanza.

Ao abrir os ollos non conseguiu ver máis que escuridade.

Ergueuse do chan con coidado, notando como lle doían mesmo os ósos que non sabía que tiña.

Camiñou con coidado cara á parede máis próxima e apalpou coas mans tremendo ata atopar unha chave da luz. O vacilante brillo da lámpada inundou o habitáculo. Naquel lugar non había nada, nin sequera unha cadeira. Mirou ao seu redor perplexo, procurando unha porta ou unha fiestra, pero no canto delas só había bloques de cemento fresco. Ao mirar de novo o baleiro chan, viu un anaco de papel dobrado en catro partes. Colleuno a toda velocidade.

«Prezado Pablo —a caligrafía parecíase á do seu irmán pequeno, de trazo elegante e letras diminutas—. Coido que xa atopei a forma de solucionar todos os nosos problemas». [...]

O sangue de Pablo fervía a cada palabra que lía. Detrás de toda a amabilidade escrita podía ver a faciana do seu irmán rindo a gargalladas.

«O que non me gustou foi o de que quixeses quedar coa casa, sabes? Despois de todo o que fixen por ti! A vida na cidade está ben, pero sempre quixen volver ao campo. E ti tes uns cartos aforrados, podías deixarme a propiedade que merezo e mercar ti outra, non? Cando dixeches iso de que tan só podería vivir aquí por enriba do teu cadáver doeume na alma, irmán».

Pablo encamiñouse decidido cara á parede mentres seguía lendo. Turrou con forza cos puños ata facerse dano, mentres berraba o nome de Xaquín con toda a forza que lle daban a gorxa e os pulmóns. [...]

«Agardo que che guste a túa nova habitación. Nunca tiveches moita cousa, así que supoño que te afarás».

Pablo deixouse caer nunha esquina do lugar, cos ollos moi abertos e case sen respiración.

«E non berres, ho. Xa sabes que ninguén te vai escoitar».

María Eijo

*Baleiro*

En VV. AA., *Lendas de Gallaecia*

Revista *Contos Estraños*, 2013

### A modo de introdución...

Desde mediados do século XVIII, en toda Europa xorden movementos de reivindicación nacionalista que buscan xustificar e defender unha identidade colectiva diferenciada. No caso galego, trátase de combater a terxiversación e o silencio histórico con respecto á idiosincrasia do noso pobo, de modo que se postula a súa orixe celta. A materia da Bretaña chega ata a literatura galega actual como referente de tradición cultural atlántica adaptado ás ideas políticas e estéticas de cada momento. Exemplos desta temática son Ferrín, Álvaro Cunqueiro ou Darío Xohán Cabana.

Neste caso, decidimos escoller un fragmento de *Merlín e familia i outras historias* (1955), de Álvaro Cunqueiro, pois Merlín é unha figura facilmente recoñecible e asóciase axiña con esta temática.

Dona Simona xa non era unha cerva, que era unha nena que choraba coas mans atadas pola solta trenzada, e arrimábase a min. Pero don Silvestre non puido dar un paso, que meteu o pé esquerdo no cepo, e cantou deseguida o sino de prata, e mi amo berrou non sei que latín, e eu corrín con dona Simona ao seu amparo, e esvaramos ao chegar á fonte, caemos no lameiro, e eu priveime... Espertei no meu catre, e o señor Merlín estaba sentado na hucha ao meu carón, e sorriáme.

Álvaro Cunqueiro  
*Merlín e familia i outras historias*  
Editorial Galaxia, 1955

### A modo de introdución...

O realismo máxico supón, no contexto americano, unha mestura entre elementos autóctonos e coloniais, é dicir, entre cultura primitiva e cultura moderna, maxia e razón, mito e ciencia, selva e cidade... Esta tendencia trasladouse á literatura galega en obras que mesturaron os mitos autóctonos co cotián sen deformar a realidade.

Nesta liña, presentamos un fragmento do relato «O carpincho» da obra *O Axolote e outros contos de bestas e auga* (2020), de Lara Dopazo Ruibal. Este libro e este relato en concreto beben da tradición popular hispanoamericana. Nel, preséntase a Rosa Rosales, unha muller maltratada, xa viúva, á que lle comeza a falar, un día mentres cociña, o carpincho ao espeto e asado. Trátase do seu defunto esposo que lle quere pedir perdón por todo o mal causado. É unha obra de fácil lectura a partir dos 14 anos.

—Como raio podes falar cun pau espichado no medio da boca?  
—En serio é o primeiro que queres preguntarlle ao teu defunto esposo?  
—E como sei que é el e non unha rata xigante?  
O carpincho remexíase na bandexa como se non estivese morto e esfolado, e a voz saíalle nidia por entre aqueles dentes pequeneiros e afiadados chantados nun pau.  
—¡Ah, cabrón, me chingaste en vida y me quieres chingar también de muerto!  
E comezou a darlle golpes co pau, con tanta rabia e tanta forza que a bandexa caeu ao chan e rolou a uns metros de Rosa Rosales, a suficiente distancia como para que ao carpincho, ou ao Negro Vargas, lle dese tempo a pedir que parase cos golpes, que tiña algo que dicirlle.

Lara Dopazo Ruibal  
*O Axolote e outros contos de bestas e auga*  
Editorial Galaxia, 2020

### A modo de introdución...

*A fantasía é herdeira da mitoloxía, das lendas e das historias do folclore. Daquela, pódese definir como unha narración que usa estruturas e linguaxes similares para crear un mundo novo coas súas propias leis.*

### Fantasia: Mundos épicos para heroes e heroínas

*Dentro da fantasía, destaca especialmente a fantasía épica, tamén coñecida como de espada e bruxería, fantasía heroica ou de aventuras. Este xénero reúne historias baseadas no desenvolvemento de terras e heroes de maneira interrelacionada, posto que as accións de quen a protagoniza repercutirán no destino do mundo enteiro.*

Entramos na fantasía a través dos relatos de heroes e heroínas da fantasía épica. Neste sentido, destaca J. R. R. Tolkien coa súa obra *O señor dos aneis* (1954), traducida ao galego por Moisés Barcia (2018). Dela extraemos o fragmento en que se explica a distribución de todos os aneis e a inscrición do anel único que porta Frodo Bulseiro. Este texto é particularmente recoñecible, xa que se recolle exactamente igual na versión levada ao cine. A relación entre a obra literaria e cinematográfica facilita a súa lectura e traballo na aula desde os 14 anos.

—Non sei ler estas letras —dixo Frodo con voz trémula.  
—Non —dixo Gandalf—, pero eu si. Son letras élficas, dun estilo antigo, pero a lingua, que non vou pronunciar aquí, é a de Mordor. Na lingua común di aproximadamente isto:

Un anel para gobernalos a todos, un anel para atopalos,  
un anel para traelos a todos e atalos nas tebras.

Son só dous versos dunha estrofa moi coñecida na tradición élfica:

Tres aneis para os Reis os Elfos baixo o ceo,  
Sete para os Señores Ananos nas súas salas de pedra,  
Nove para os Homes Mortais condenados a morrer,  
Un para o Señor Escuro no seu trono escuro,  
na Terra de Mordor, onde se estenden as Sombras.  
Un anel para gobernalos a todos, un anel para atopalos,  
un anel para traelos a todos e atalos nas tebras,  
na Terra de Mordor, onde se estenden as sombras.

J. R. R. Tolkien  
*O señor dos aneis*  
Sushi Books. Rinoceronte Editora, 2018  
Tradución de Moisés Barcia

Vanesa Santiago proponnos un mundo de fantasía no que unha muller é a protagonista. Deste modo, permítenos normalizar a figura da heroína tan esquecida ao longo da historia da literatura épica. *Ninguén lembra* (2013) eríxese como unha obra pioneira neste sentido. Trátase dunha obra que invita á reflexión e é especialmente axeitada para os mozos e mozas maiores de 16 anos.

Como nun soño, apareceu unha moza rindo. «O meu nome non ten importancia. Seguídeme». [...] Mirámonos confusos, sabendo que compartimos unha visión que non entendiamos, pero non dixemos nada. Andrés non sabía o que era unha visión, mais, como patófila, comprendín decontado que alguén proxectara en nós unha imaxe para facernos ver algo que chegaría a ter un significado máis adiante se tiñamos paciencia e sabíamos descifralo. Andrés limitouse a sacudir a cabeza como quen soña esperto e non puiden evitar sorrir, lembrando que na miña nenez, cando aínda era unha pequena descarada e inconsciente, xogaba a proxectar breves imaxes en Daia que a confundían ata que mamá se decatara e me rifaba ou a mesma Daia comezaba a diferencialas e a detelas co seu ollar violáceo. Ao pouco esquecérame daqueles xogos. Entre os máeres, as visións eran como cartas escritas transformadas en imaxes.

Vanesa Santiago  
*Ninguén lembra*  
Urco Editora, 2013

Ás veces, a fantasía épica e as distopías non constitúen unha realidade afastada, senón que se mesturan entre elas e coa nosa realidade. Na novela *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras* (2024), Alba Rozas funde fantasía épica e distopía nunha Galicia alternativa ameazada por robots asasinados e gobernada por feiticeiros e feiticeiras caciques que non conseguen acabar con esta praga ata que aparecen cinco superguerreiras. Cun protagonismo feminino claro, desde unha posición de poder e liderado, na liña do *anime* e do *manga* xaponeses, reflexiónase sobre o que nos fai humanos e nos diferencia das máquinas, incluída a intelixencia artificial e os cíborgs. É unha obra de lectura fácil a partir dos 15 anos que pode funcionar nas aulas con relación á materia de filosofía.

—Atopei o código fonte sobre a orixe das moscas que levo cinco anos a buscar —traguí saliva—. Aquí está a razón de que deixase a feitizaría e probabelmente o motivo de que abandone axiña a ciencia [...] Trátase de procedementos de robótica que se levaron a cabo con xente do común e algúns feiticeiros e feiticeiras, persoas enfermas, feridas ou terminais desde as dúas Grandes Guerras en diante. Para que me entendas, cando a atención hospitalaria baseada na feitizaría se demostrou insuficiente, os científicos propuxeron salvar a vida de alguén restituíndo calquera órgano danado por materia cibernética. É un exemplo do chamado transhumanismo, que avoga polo uso da tecnoloxía para superar as limitacións humanas, desafiando os límites naturais da mortalidade e as capacidades físicas e cognitivas. Nun principio, catalogaron o experimento de éxito sen se preguntar que significa ser humano ou se é ético transcender estes límites. De feito, as intervencións nun único individuo chegaron a ser múltiples, até que a programación e os comandos de diferentes partes do corpo instalaban os cambios de maneira automática, segundo ían detectando fallos orgánicos no resto. Ao se completar esta tarefa, non obstante...

Alba Rozas  
*Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*  
Boadicea Editora, 2024

### A modo de introdución...

*O cerne da ciencia ficción é o positivismo, unha corrente filosófica que xorde no século XIX da necesidade de se preguntar doutro xeito pola realidade. O positivismo afirma que o coñecemento provén da experiencia e que se obtén a través do método científico, rexeitando o dogma, a metafísica ou os prexuízos.*

### Ciencia ficción: O futuro deshumanizado e inhabitable

*Existe certo consenso á hora de establecer cal é a primeira novela de ciencia ficción, aínda que anteceda en certa medida o auxe do positivismo. Trátase de Frankenstein ou do moderno Prometeo de Mary Shelley.*

*Xa desde finais da década de 1970 e, sobre todo a partir de 1990, abundan as obras que, no eido da ciencia ficción, aventan para nós un futuro deshumanizado, cunha natureza arrasada, marcado pola ditadura da tecnoloxía, o pensamento único e, en moitos casos, a represión extrema das mulleres.*

Abrimos a selección con Manuel Lourenzo, un dos máis grandes narradores do noso tempo. *Atl* (2012) é unha proposta anovada sobre a existencia da Atlántida. Neste caso, ponse o protagonismo na política e no desenvolvemento tecnolóxico como fíos que urden o fatídico final desta terra desaparecida. Unha obra acaída a partir dos 16 anos.

Heriberto ficou onda a porta do cuarto de traballo dos rapaces. Nas pantallas dos seus monitores comezaron a debuxarse operacións matemáticas elementais dirixidas polas mans e as voces infantís. Noutro lado, o com da parede máis próxima emitía vistas de fantásticos destinos turísticos para todos os gustos, para calquera época do ano e ao alcance de calquera conta bancaria. O Estado, dicíase con voz baixa pero perceptible, ocupábase de que os cidadáns gozasen dun merecido descanso ao son dos seus soños máis profundos. A lóxica do enunciado que se lle ocorreu asustou a Heriberto:

—O pensamento. É como se quixesen apoderarse do noso pensamento.

Manuel Lourenzo

*Atl*

Edicións Xerais, 2012

*Galiza mutante. Poder nuclear* (2013), de Tomás G. Ahola, é unha obra de referencia para o público lector de 15 anos en diante. Nela, o autor postula o que ocorrería se unha bomba nuclear estoupase en Galicia e a raza humana devinise nunha serie de mutantes que loitan por sobrevivir a unha realidade que apenas recorda o mundo que habitamos hoxe.

A paisaxe desde o campanario do templo era impresionante, mesmo case fermosa, aínda que Horario non a podía ver, xa que nacera sen ollos. E, malia que poida parecer unha ironía do Destino, o feito de ser unha criatura cega a que subía ao tellado máis alto da cidade para dar as horas e ver se todo seguía baixo control, tiña o seu aquel, posto que a miúdo os ollos enganan.

Se Horario puidese ver cos órganos visuais ordinarios dun ser máis ou menos humano, o que ollaría desde a torre das campás sería unha cidade reciclada, feita cos restos doutra que estivera aló moito tempo atrás, pero que xa durmía baixo os cimentos da nova era. Ninguén dubidaba de que Cmph'sthulhu e a súa pintoresca xente fosen un gran motor de cambio e transformación, o lugar onde renaceran artes e ciencias perdidas para o saber común [...].

Os círculos interiores, moi pegados ao Templo e escasamente habitados, eran os que mellor conservaban a esencia do que fora a antiga cidade da Xente Vella, xa que os seus edificios foran construídos para duraren moito. O gran cuartel anular da garda permanente, as sedes das principais irmandades dedicadas ao coñecemento e o Templo en si eran construcións que saíran máis ou menos airosas dos tumultuosos tempos Froilán e do Caos [...].

Tomás G. Ahola  
*Galiza mutante. Poder nuclear*  
Revista *Contos Estraños*, 2013

Finalmente, *Gastrulación* (2023) é unha proposta arriscada de Pablo Pesado, onde se xoga coa escrita ensaística baseada na embrioloxía para crear o mundo ficcional. Desde ese punto de partida, describe unha guerra inevitable entre dous grupos de seres: os A>B e os B>A. Malia a súa curta extensión, o nivel lingüístico fai que a novela sexa axeitada para o público lector a partir dos 16 anos.

O día 23 de marzo de 2148, unha funcionaria do Ministerio de Saúde recibiu unha chamada dun seu contacto en Industrie Quimotec. Aínda que por vía accidental conseguiran desenvolver un pesticida de espectro reducidísimo que eliminaba exclusivamente os caracois, como produto de venda xeral era case inútil. Porén, no contexto preciso, constituiría unha poderosa publicidade governamental. O químico era tan selectivo que non presentaba ningún efecto adverso en calquera outro gastrópode. Mesmo en individuos do clado Stylommatophora como as lesmas, a taxa de letalidade era anecdótica. *A supresión dos caracois na República Italiana*, disque publicitara o *project manager* de Industrie Quimotec cando fora convidado ao ministerio, «é suficientemente localizada como para non empurrar os ecosistemas alén das súas precarias marxes de equilibrio. Hai un risco, con certeza, mais sempre o haberá. Polo menos é o mínimo risco posible. En troca, ofrecemos a cabeza dun xénero enteiro, que é un trofeo valioso».

Pablo Pesado  
*Gastrulación*  
Boadicea Editora, 2023

### A modo de introdución...

*Por último, da tradición, da mitoloxía e do folclore da nosa xorden, desde inicios da pasada centuria, historias de terror nas que o sobrenatural vinculado ás crenzas e á ultratumba atormentan o ser humano que poucas veces ten escapatoria.*

### Terror: Imos morrer todos

*O medo está representado na literatura universal desde os seus inicios, pois constitúe a emoción máis vella e forte do ser humano. É un sentimento que frecuentemente vai precedido da sorpresa, provocada pola toma de conciencia dun perigo que ameaza a nosa integridade.*

*O medo máis estendido, tanto na realidade coma na ficción, é o medo á morte, de onde xorde o xénero gótico. Este xénero caracterízase por desenvolver historias sensacionalistas e de suspense, por practicar unha narración innovadora pese ao uso repetitivo de elementos na trama e por presentar fenómenos sobrenaturais ou aparentemente sobrenaturais.*

Se pensamos en terror gótico, con casas encantadas e pantasmas, vénnos á mente unha listaxe interminable de filmes e obras escritas e protagonizadas por homes. Non obstante, a meirande parte delas teñen como referencia *A maldición de Hill House* (1959), de Shirley Jackson. Nesta novela, a autora estadounidense presenta dúas mozas protagonistas dun fenómeno paranormal nunha casa acubillada nun outeiro. Xunto cun profesor especialista e o futuro herdeiro da casa, as dúas mulleres embárcanse nun proxecto de estudo que culminará co sacrificio dunha delas. A novela, traducida ao galego por Miguel González Álvarez (2024), é acaída para o público lector de 15 anos en diante. Ademais, conta con varias películas e unha serie que permitirían facer comparacións sobre as adaptacións realizadas.

Cando entrou, foi abrir a ventá, que sempre atopaba pechada. Ía pola metade do cuarto cando escoitou bater outra vez a porta do de Theodora e o seu berro afogado:

—Eleanor!

Eleanor saíu correndo ao corredor e foi ata a porta de Theodora para se deter, arrepiada, e mirar por riba do seu ombreiro.

—Que foi? —borboriñou.

—Como que que foi? A ti que che parece? —preguntou Theodora, dando en berrar como unha tola—. A ti que che parece, parva?

—Parece pintura —dixo dubitativa—. Só que... —engadiu ao se decatar—, só que cheira moi mal.

—É sangue —dixo Theodora con firmeza. Agarrouse á porta e abaneaba canda ela, fitando—. Sangue. Por todos os lados. Non o ves?

Shirley Jackson

*A maldición de Hill House*

Boadicea Editora, 2024

Tradución de Miguel González Álvarez

### A modo de introdución...

*As posibles orixes do medo supoñen un dos alicerces sobre os que se asenta a diferenza entre os xéneros literarios do horror e do terror. Aínda que non é habitual establecer distincións entre ambos os dous, pois normalmente só se fala de terror, nas historias de horror non se ofrece ningunha opción satisfactoria ou de final feliz que poidan acadar as personaxes.*

O descoñecido, a angustia, o medo e a morte inexorable constitúen os elementos do horror e o nexo común dos catorce relatos que compoñen *Saturno tamén é Deus* (1997, reeditado en 2017), de Uxía Casal. Unha obra recomendada a partir dos 15 anos para quen teña as tripas ben amarradas.

Non lembraba cando pechara as contras, pero coa excitación da visita de certo fixera moitas cousas dun xeito mecánico. Cheiraba doce alí, doce e raro, como se unha substancia tépeda e empachosa se derramase polo chan. E antes de ver nada xa soubo que algo malo acontecera. Buscou co corazón encollido a confirmación daquela certeza, presentida apenas cando aínda non saltara da cama, sen imaxinar sequera de que podía tratarse. Micho, o bo de Micho, xacía no medio dun charco de sangue, inmobilizado nunha quietude que non semellaba natural; a faciana negra brillaba vermella, acharoadada, enmascarada polo sangue pegañento que manara dos ocos baleiros e escuros nos que antes estiveran, coruscantes e espelidos, os seus verdes ollos de gato doméstico, pacífico e obediente.

Uxía Casal  
*Saturno tamén é Deus*  
Urco Editora, 2017

### A modo de introdución...

*Fronte ao horror, no terror sempre existe unha posibilidade de escapatoria ou de redención para as personaxes, por pequena que esta sexa, aínda que finalmente non se chegue a dar.*

O xénero do terror exemplificámolo cunha obra peculiar. Trátase dunha antoloxía de textos poéticos nos que se presentan diferentes tipos de medo, pánico, terror e pavor. En *Un terror de auga fría* (2021), Álvarez Cáccamo propón un percorrido temático polo xénero do terror a través do prólogo e logo unha selección de poemas que se poden adscribir a este xénero ordenados cronoloxicamente. É unha obra intimamente ligada aos contidos curriculares, de doado emprego nas aulas desde os primeiros cursos da ESO e de posible lectura individual a partir dos 15 anos. Neste caso, decidimos seleccionar un fragmento de «O can danado», de Celso Emilio Ferreiro, pola súa fácil relación entre o terror do can ante o ser humano maltratador e o horror da sociedade durante a ditadura franquista.

### O can danado

Igual que un can danado nos camiños  
o terror anda solto polo mundo.  
Semella un vento negro que pousase  
as súas ás de corvo  
sobre a fronte dos homes temerosos.  
Un xeo de invernia en descampado  
paraliza os reloxos, perfora as gorxas  
e pon veos de anguria nas palabras.  
Un gran telescopio nos vixía  
como un ollo de Ciclope  
que segue os nosos pasos  
e fita sen acougo o noso rumbo,  
desde todas as fiestras,  
desde todas as torres,  
desde todas as voces que nos falan.

Celso Emilio Ferreiro  
*Longa noite de pedra*, 1962  
En VV. AA. *Un terror de auga fría*,  
de Álvarez Cáccamo, Xosé María (antólogo)  
Revista *Contos Estraños*, 2021

## Anexo 5

### Actividade na biblioteca 1

#### Á procura do tesouro

Con este exercicio, buscamos que o alumnado atenda non só as capas e os títulos das obras, senón o resto de información que se achega nos expositores para tirar conclusións propias. Somos conscientes de que hai diversidade en canto á dificultade das preguntas. Con todo, asumimos que non é necesario respondelas todas nin tampouco que exista unha única solución posible. O importante é que o alumnado se divirta, que entre en contacto directo coas obras de fantasía, ciencia ficción e terror e, sobre todo, que se afeccione á lectura.

1. Existe un animal que parece un pokémon e que lle dá título ao libro de Lara Dopazo.
2. Quen regresan, segundo Alba Rozas?
3. Quen lembra, segundo Vanesa Santiago?
4. Cal é a casa maldita? E a autora?
5. Que número de mala sorte tocan as campás?
6. De que deus fala Uxía Casal?
7. De que cor é a cidade?
8. Busca o libro que ten a Cidade da Cultura na portada.
9. Cantos volumes ten Terramar nesta exposición?
10. Quen é libre, segundo Concha Blanco?
11. Busca o título dun libro que teña na portada unha máquina de escribir.
12. A ciencia ficción da década de 1990 presenta un futuro deshumanizado, pero que sector da sociedade é o que máis sofre esa represión extrema?
13. Busca tres exemplos de libros de fantasía épica nos que a protagonista sexa unha heroína.
14. Nesta exposición, buscouse mostrar a existencia de mulleres escritoras. De todas estas obras, contabiliza o número de autoras e de autores e mostra as porcentaxes.
15. Existiu unha revista que traballou pola publicación de novos talentos nos xéneros da fantasía, ciencia ficción e terror durante arredor de dez anos. Cal é o seu nome?
16. Cales son as dúas grandes editoriais que publicaron ou publican ciencia ficción, fantasía e terror en galego?
17. Begoña Caamaño fala sobre unha raíña que tiña o poder de curar e mudar de forma. Que raíña é esa? Se tes acceso a Internet, busca información sobre ela.

## Solucionario

1. Un axolote: *O Axolote e outros contos de bestas e auga*, Lara Dopazo.
2. As superguerreiras: *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*, Alba Rozas.
3. Ninguén: *Ninguén lembra*, Vanesa Santiago.
4. Hill House e Shirley Jackson: *A maldición de Hill House*, Shirley Jackson.
5. Trece: *Trece badaladas*, Suso de Toro.
6. Saturno: *Saturno tamén é deus*, Uxía Casal.
7. Branca: *A Cidade Branca*, Xosé Lorenzo Tomé.
8. *Rueiro da cidade escura*, Patricia A. Janeiro.
9. Catro (son seis volumes, pero aínda están en proceso de tradución e publicación).
10. O medo: *O medo é libre*, Concha Blanco.
11. *Querido H. P. Lovecraft*, Antonio Manuel Fraga.
12. As mulleres supoñen o sector máis prexudicado nas novelas de ciencia ficción. Podemos pensar en *O conto da criada*, de Margaret Atwood, por exemplo.
13. Presentan heroínas as novelas de *Ninguén lembra*, de Vanesa Santiago; *Non hai luz sen escuridade*, de Andrea Barreira, ou *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*, de Alba Rozas.
14. Nesta exposición, atopamos 19 autoras fronte a 59 autores, é dicir, o 24,35 % de mulleres e o 75,65 % de homes. Isto implica unha cuarta parte de autoras e tres cuartas partes de autores, o que demostra o camiño longo que nos queda por percorrer neste eido.
15. A revista que buscou publicar novos talentos nos xéneros da fantasía, ciencia ficción e terror durante arredor de dez anos foi *Contos Estraños*.
16. Urco Editora foi a editorial que iniciou o proceso de publicación de obras de ciencia ficción, fantasía e terror desde 2007 e, desde o 2022, Boadicea Editora é a única editora especializada nestes xéneros que está a publicar de maneira activa.
17. Morgana foi unha poderosa fada da mitoloxía celta, media irmá do rei Artur e discípula de Merlín. Foi raíña da illa de Avalon e posuía o poder de curar e de mudar de forma. No ciclo artúrico, a fada Morgana é unha personaxe feminina que se presenta ás veces como a antagonista do rei Artur e mesmo como inimiga de Xenebra.

## Lectura | 1º e 2º da ESO

### *Historias de Terramar 1: Un feiticeiro de Terramar*

Propoñemos o libro de lectura *Historias de Terramar I. Un feiticeiro de Terramar* (Boadicea Editora, 2023), de Ursula K. Le Guin, para os cursos 1º e 2º da ESO. Presentamos unha serie de actividades para poder traballar o libro de lectura nas aulas ou mesmo para poder avaliar a súa posible lectura como obra obrigatoria nalgún dos trimestres.

Esta actividade consta de seis exercicios (e tres máis complementarios) cun progresivo nivel de dificultade. Busca relacionar os contidos da obra con parte da materia deste curso. Concretamente, traballaremos a análise de textos narrativos, centrándonos nas personaxes, nos narradores, nos espazos e no tempo.

## Anexo 6

### Actividade de volta na aula 2

1. Responde as seguintes preguntas sobre a obra *Historias de Terramar I. Un feiticeiro de Terramar*, de Ursula K. Le Guin. Argumenta a resposta de xeito que demostres que liches o libro. Se o precisas, pódeste valer da propia obra.

- a. Cal é o nome verdadeiro do protagonista?
- b. Cal foi o seu mentor durante a época en Gont?
- c. Onde está a escola de feiticeiros á que vai estudar o protagonista?
- d. Que accidente ten na escola? Cales son as consecuencias?
- e. Que ten que facer para saír da escola? Como consegue superar esa proba?
- f. Cales son os seus primeiros adversarios ao saír da escola? Como os vence?
- g. Cantos mestres hai en Roke?
- h. Con quen vai á procura da sombra que espartou ata os confíns de Terramar?
- i. Como se chama a embarcación na que se despraza polos mares?
- l. Gabián chega a unha pequena illa na que só viven dous irmáns. Cal foi o agasallo que lle entregou a muller antes de marchar?
- m. Como consegue o protagonista escapar da corte do Terrenon e volver a Gont?
- n. Como acaba vencendo a sombra que o persegue?

2. Dado este fragmento da novela, contextualiza o que está a ocorrer e argumenta cales son os personaxes principais:

—O orgullo dominou desde sempre a túa mente —dixo o seu amigo cun sorriso, como se estivesen a falar de algo sen importancia para ningún dos dous—. Agora pensa: Claro que é o teu cometido, mais se fallases nel non debería haber alguén aí que traia o aviso ao Arquipélago? Pois, de acontecer o peor, a sombra converteríase nunha forza a temer. E se derrotas esa cousa, non debería haber aí tamén algún outro que o poida contar no Arquipélago para que a fazaña se coñeza e se cante? Sei que non che vou ser útil, mais coido que debería ir contigo.

Ged non se podía negar a aquel rogo, pero dixo:

—Non debín ficar aquí hoxe. Sabíao, pero así e todo quedei.

—Os feiticeiros non se encontran por casualidade, rapaz —dixo Brenza—. E despois de todo, como ben dixeches, eu estiven contigo no comezo mesmo dese teu camiño. É xusto que te siga ata a súa fin —despois de dicir isto botou máis leña ao lume e quedou calado fitando as chamas durante un anaco—.

—Hai unha persoa de quen non ouvín falar desde aquela noite no Outeiro de Roke e por quen tampouco tiven o valor de lle preguntar a ninguén na Escola, trátase de Xaspe.

—Nunca gañou a súa caxata. Deixou Roke ese mesmo verán e marchou á Illa de O para se converter en esconxurador na corte do Señor en O-tokne. Non volvín saber máis nada del.

Despois diso, volveron ficar en silencio mentres ollaban para o lume e gozaban da calor nas pernas e na faciana, pois era unha noite fría, sentados na ampla bancada da lareira cos pés case sobre a brasa.

3. Ademais dos personaxes antes identificados, identifica o resto de personaxes principais e secundarios ao longo da novela. Non esquezas xustificar a resposta.
4. Reflexiona arredor da figura do narrador. Identifica e argumenta que tipo de narrador se emprega nesta obra.
5. Nunha obra de fantasía coma esta, os espazos son imaxinarios. Identifica tres e explica a súa función á hora de construír o mundo e a importancia para a historia.
6. Finalmente, na obra prodúcense varios saltos temporais que nos levan tanto cara a adiante, con acontecementos que van ocorrer, como cara a atrás, con situacións que xa pasaron e que se traen ao presente da narración. Cal é o nome que reciben estes dous saltos temporais? Busca exemplos, cando menos, dun deles.

## Actividades complementarias

A continuación, propoñemos unha serie de actividades complementarias que permitirán valorar a comunicación oral do alumnado a través de conversas na aula.

1. Poñeranse en común aqueles elementos que resulten máis sorprendentes da obra.
2. Falarase, mediante fragmentos da obra, do tratamento das personaxes racializadas. A autora procura darlles visibilidade ás minorías tradicionalmente oprimidas no seu país de orixe, os Estados Unidos, colocándoas en posicións de poder.
3. Debaterase, por grupos, sobre os temas máis controvertidos: a racialización das personaxes protagonistas, as consecuencias da transgresión das normas (ponse en risco a vida doutras persoas, pois un profesor morre despois de salvar o protagonista), a aceptación dun mesmo coas virtudes e defectos propios (a sombra que persegue o protagonista), o predominio da intelixencia sobre a forza (a autora non recorre a grandes batallas na novela) etc.

## Solucionario

### 1.

- a. O nome do protagonista é Gabián, pero o seu nome verdadeiro é **Ged**.
- b. O mentor de Gabián (Ged) durante a época en Gont chámase **Ogion**.
- c. Ged estuda na escola de feiticeiros de **Roke**.
- d. Ged intenta **invocar os mortos** e está na escola por incitación doutro estudante. As consecuencias son fatais porque o **persegue unha sombra** ata o lindeiro de Terramar.
- e. Ged debe **adiviñar o nome verdadeiro** do mestre porteiro. Para tal fin, **pregúntallo** directa e educadamente.
- f. Os primeiros adversarios aos que se enfronta ao saír da escola son os **dragóns**. Acábaos vencendo **matando uns** e, ao maior de todos, **chámao polo seu nome verdadeiro**.
- g. En Roke hai **nove** mestres, cada un coa súa especialidade na maxia.
- h. Embárcase con **Brenza** (de nome verdadeiro **Estarriol**) para ir ata os confíns de Terramar.
- i. A embarcación coa que se despraza polos mares chámase **Miralonxe**.
- l. Estes dous irmáns orfos eran fillos de reis e tan só conservaban da súa anterior vida un traxe medio desfeito e a **metade dun anel**. Esta última xoia é a que lle entrega a muller a Ged.

m. Para poder escapar da corte do Terrenon e volver a Gont, Ged **convértese en gabián** e marcha voando.

n. Co fin de poder acabar coa sombra, Ged vai por ela e véncea **chamándoa polo seu nome verdadeiro**, que é o seu propio: Ged.

### 2.

Este fragmento ofrécenos a conversa entre Brenza-Estarriol e Gabián-Ged xusto antes de embarcaren para vencer a sombra nos lindes de Terramar. Os personaxes principais serían, xa que logo, Ged como protagonista e a propia sombra como antagonista. Ademais, atopamos a Estarriol, que actuaría como personaxe secundario, en tanto que colabora con Ged no seu obxectivo de vencer a sombra.

### 3.

Os personaxes principais serían unicamente Ged e a sombra, como protagonista e antagonista, respectivamente. En canto aos secundarios, serían todos aqueles que colaboraron con Ged nalgunha das partes da novela ou das aventuras que tivo. Así, atopamos a Ogion, Brenza-Estarriol, a tía de Ged, que lle aprendeu as primeiras palabras en lingua verdadeira, ou mesmo algúns dos mestres de Roke.

### 4.

O narrador desta obra está en terceira persoa omnisciente porque os verbos están en terceira persoa e o narrador coñece non só os feitos,

senón tamén os pensamentos e os sentimentos dos personaxes dos que fala.


### 5.

Calquera das illas polas que pasa Ged serían espazos ficcionais. Cada unha delas ten unha función concreta. Por exemplo, Gont é o lugar de nacemento, do descubrimento e dos primeiros pasos de Ged como mago. En Roke, desenvolve o seu poder a través da escola de maxia. O dragón é a súa primeira proba, polo tanto na illa en que se atopa enfróntase ás adversidades iniciais e demostra o seu poder. Finalmente, nos confíns de Terramar, atópase coa sombra e derrótaa, polo que é un lugar esencial para poder pechar a historia.

### 6.

Un salto cara a atrás é un *flashback* ou analepse e un salto cara a adiante é un *flashforward* ou prolepse. Aquí atopamos, por exemplo, unha analepse cando se explican as lembranzas de Ged durante a súa infancia xa estando el en Roke. En contraste, atopamos unha prolepse cando o pobo canta fazañas da Xesta de Ged, na que se explica como rematará sendo Arquimago de todas as illas anos despois dos feitos narrados.





**ANEXOS**  
**ACTIVIDADES EDUCACIÓN SECUNDARIA**  
**Segundo Ciclo: 3° e 4°**

## Anexo 7

### Actividade preparatoria 2

## Antoloxía de textos

para traballar nas aulas de 3º e 4º da ESO e 1º de Bacharelato

Con este exercicio, propoñemos traballar algunhas das obras que se recollen na exposición *Do soño á apocalipse* sobre literatura de fantasía, ciencia ficción e terror.

A seguir, preséntase unha antoloxía de textos extraídos das obras expostas **adaptados** aos niveis educativos de 3º e 4º da ESO e 1º de bacharelato. Estes textos servirán para realizar as actividades propostas na unidade didáctica ligada á exposición, traballando na aula a identificación e a argumentación por parte do alumnado. Ademais, servirán como catalizador á hora de traer á memoria outros textos lidos pola rapazada.

Co fin de servir de guía para o profesorado á hora de corrixir e dirixir esta actividade, presentamos o esquema da distribución das obras que se expoñen na Cidade da Cultura, cos títulos dos que se extraeron os fragmentos:

#### Primeira sección: O sobrenatural convértese en mito

**Tradición popular:** *Baleiro*, María Eijo; **materia da Bretaña:** *Merlín e familia i outras historias*, Álvaro Cunqueiro, e **realismo máxico galego:** *O Axolote e outros contos de bestas e auga*, Lara Dopazo Ruibal.

#### Segunda sección: Mundos épicos para heroes e heroínas

**Fantasía:** *O señor dos aneis I. A irmandade do anel*, J. R. R. Tolkien; *Ninguén lembra*, Vanesa Santiago, e *Lapislázuli. O regreso das super-guerreiras*, Alba Rozas.

#### Terceira sección: O futuro deshumanizado e inhabitable

**Ciencia Ficción:** *Atl*, Manuel Lourenzo; *Galiza mutante. Poder nuclear*, Tomás G. Ahola, e *Gastrulación*, Pablo Pesado.

#### Cuarta sección: Imos morrer todos

**Terror:** *A maldición de Hill House*, Shirley Jackson; *Saturno tamén é Deus*, Uxía Casal, e *Un terror de auga fría*, Xosé María Álvarez Cáccamo.

### A modo de introdución...

*O concepto de literatura fantástica adóitase utilizar para designar aqueles textos que se desenvolven arredor dun ou de varios elementos irrealis, sobrenaturais ou que carecen dunha explicación racional con respecto ao noso mundo ou ao noso tempo. Trátase de elementos que a miúdo proceden da mitoloxía, do folclore, da tradición ou da cultura dos distintos pobos e que cumpren unha función esencial na historia.*

### Tradición popular, realismo máxico e materia da Bretaña

*A tradición popular é a expresión da memoria colectiva dunha comunidade. Reúne o conxunto de valores, crenzas e costumes que a caracterizan; sobre todo, os transmitidos por vía oral. Neste sentido, poderíamos falar de obras como as de Ánxel Fole ou os relatos populares recollidos ao longo do primeiro terzo do século XX polas persoas integrantes da Época Nós.*

Para a tradición popular, propoñemos un relato de María Eijo, titulado *Baleiro*, que foi publicado no volume 6 da revista *Contos Estraños. Lendas de Gallaecia* (2013). Nel móstrase unha persoa que acorda, prende a luz e le unha carta, cun contexto recoñecible pero non explícito, que nos permite entrar nun conflito familiar pola herdanza.

Ao abrir os ollos non conseguiu ver máis que escuridade.

Ergueuse do chan con coidado, notando como lle doían mesmo os ósos que non sabía que tiña.

Camiñou con coidado cara á parede máis próxima e apalpou coas mans tremendo ata atopar unha chave da luz. O vacilante brillo da lámpada inundou o habitáculo. Naquel lugar non había nada, nin sequera unha cadeira. Mirou ao seu redor perplexo, procurando unha porta ou unha fiestra, pero no canto delas só había bloques de cemento fresco. Ao mirar de novo o baleiro chan, viu un anaco de papel dobrado en catro partes. Colleuno a toda velocidade.

«Prezado Pablo —a caligrafía parecíase á do seu irmán pequeno, de trazo elegante e letras diminutas—. Coido que xa atopei a forma de solucionar todos os nosos problemas». [...]

O sangue de Pablo fervía a cada palabra que lía. Detrás de toda a amabilidade escrita podía ver a faciana do seu irmán rindo a gargalladas.

«O que non me gustou foi o de que quixeses quedar coa casa, sabes? Despois de todo o que fixen por ti! A vida na cidade está ben, pero sempre quixen volver ao campo. E ti tes uns cartos aforrados, podías deixarme a propiedade que merezo e mercar ti outra, non? Cando dixeches iso de que tan só podería vivir aquí por enriba do teu cadáver doeume na alma, irmán».

Pablo encamiñouse decidido cara á parede mentres seguía lendo. Turrou con forza cos puños ata facerse dano, mentres berraba o nome de Xaquín con toda a forza que lle daban a gorxa e os pulmóns. [...]

«Agardo que che guste a túa nova habitación. Nunca tiveches moita cousa, así que supoño que te afarás».

Pablo deixouse caer nunha esquina do lugar, cos ollos moi abertos e case sen respiración.

«E non berres, ho. Xa sabes que ninguén te vai escoitar».

María Eijo

*Baleiro*

En VV. AA., *Lendas de Gallaecia*

Revista *Contos Estraños*, 2013

### A modo de introdución...

Desde mediados do século XVIII, en toda Europa xorden movementos de reivindicación nacionalista que buscan xustificar e defender unha identidade colectiva diferenciada. No caso galego, trátase de combater a terxiversación e o silencio histórico con respecto á idiosincrasia do noso pobo, de modo que se postula a súa orixe celta. A materia da Bretaña chega ata a literatura galega actual como referente de tradición cultural atlántica adaptado ás ideas políticas e estéticas de cada momento. Exemplos desta temática son Ferrín, Álvaro Cunqueiro ou Darío Xohan Cabana.

Neste caso, decidimos escoller un fragmento de *Merlín e familia i outras historias* (1955), de Álvaro Cunqueiro, pois Merlín é unha figura facilmente recoñecible e asóciase axiña con esta temática.

Dona Simona xa non era unha cerva, que era unha nena que choraba coas mans atadas pola solta trezada, e arrimábase a min. Pero don Silvestre non puido dar un paso, que meteu o pé esquerdo no cepo, e cantou deseguida o sino de prata, e mi amo berrou non sei que latín, e eu corrín con dona Simona ao seu amparo, e esvaramos ao chegar á fonte, caemos no lameiro, e eu priveime... Espertei no meu catre, e o señor Merlín estaba sentado na hucha ao meu carón, e sorriáme.

Álvaro Cunqueiro  
*Merlín e familia i outras historias*  
Editorial Galaxia, 1955

### A modo de introdución...

O realismo máxico supón, no contexto americano, unha mestura entre elementos autóctonos e coloniais, é dicir, entre cultura primitiva e cultura moderna, maxia e razón, mito e ciencia, selva e cidade... Esta tendencia trasladouse á literatura galega en obras que mesturaron os mitos autóctonos co cotián sen deformar a realidade.

Nesta liña, presentamos un fragmento do relato «O carpincho» da obra *O Axolote e outros contos de bestas e auga* (2020), de Lara Dopazo Ruibal. Este libro e este relato en concreto beben da tradición popular hispanoamericana. Nel, preséntase a Rosa Rosales, unha muller maltratada, xa viúva, á que lle comeza a falar, un día mentres cociña, o carpincho ao espeto e asado. Trátase do seu defunto esposo que lle quere pedir perdón por todo o mal causado. É unha obra de fácil lectura a partir dos 14 anos.

—Como raio podes falar cun pau espichado no medio da boca?  
—En serio é o primeiro que queres preguntarlle ao teu defunto esposo?  
—E como sei que é el e non unha rata xigante?  
O carpincho remexíase na bandexa como se non estivese morto e esfolado, e a voz saíalle nidia por entre aqueles dentes pequeneiros e afiadados chantados nun pau.  
—¡Ah, cabrón, me chingaste en vida y me quieres chingar también de muerto!  
E comezou a darlle golpes co pau, con tanta rabia e tanta forza que a bandexa caeu ao chan e rolou a uns metros de Rosa Rosales, a suficiente distancia como para que ao carpincho, ou ao Negro Vargas, lle dese tempo a pedir que parase cos golpes, que tiña algo que dicirlle.

Lara Dopazo Ruibal  
*O Axolote e outros contos de bestas e auga*  
Editorial Galaxia, 2020

### A modo de introdución...

*A fantasía é herdeira da mitoloxía, das lendas e das historias do folclore. Daquela, pódese definir como unha narración que usa estruturas e linguaxes similares para crear un mundo novo coas súas propias leis.*

### Fantasia: Mundos épicos para heroes e heroínas

*Dentro da fantasía, destaca especialmente a fantasía épica, tamén coñecida como de espada e bruxería, fantasía heroica ou de aventuras. Este xénero reúne historias baseadas no desenvolvemento de terras e heroes de maneira interrelacionada, posto que as accións de quen a protagoniza repercutirán no destino do mundo enteiro.*

Entramos na fantasía a través dos relatos de heroes e heroínas da fantasía épica. Neste sentido, destaca J. R. R. Tolkien coa súa obra *O señor dos aneis* (1954), traducida ao galego por Moisés Barcia (2018). Dela extraemos o fragmento en que se explica a distribución de todos os aneis e a inscrición do anel único que porta Frodo Bulseiro. Este texto é particularmente recoñecible, xa que se recolle exactamente igual na versión levada ao cine. A relación entre a obra literaria e cinematográfica facilita a súa lectura e traballo na aula desde os 14 anos.

—Non sei ler estas letras —dixo Frodo con voz trémula.  
—Non —dixo Gandalf—, pero eu si. Son letras élficas, dun estilo antigo, pero a lingua, que non vou pronunciar aquí, é a de Mordor. Na lingua común di aproximadamente isto:

Un anel para gobernalos a todos, un anel para atopalos,  
un anel para traelos a todos e atalos nas tebras.

Son só dous versos dunha estrofa moi coñecida na tradición élfica:

Tres aneis para os Reis os Elfos baixo o ceo,  
Sete para os Señores Ananos nas súas salas de pedra,  
Nove para os Homes Mortais condenados a morrer,  
Un para o Señor Escuro no seu trono escuro,  
na Terra de Mordor, onde se estenden as Sombras.  
Un anel para gobernalos a todos, un anel para atopalos,  
un anel para traelos a todos e atalos nas tebras,  
na Terra de Mordor, onde se estenden as sombras.

J. R. R. Tolkien  
*O señor dos aneis*  
Sushi Books. Rinoceronte Editora, 2018  
Tradución de Moisés Barcia

Vanesa Santiago propponos un mundo de fantasía no que unha muller é a protagonista. Deste modo, permítenos normalizar a figura da heroína tan esquecida ao longo da historia da literatura épica. *Ninguén lembra* (2013) eríxese como unha obra pioneira neste sentido. Trátase dunha obra que invita á reflexión e é especialmente axeitada para os mozos e mozas maiores de 16 anos.

Como nun soño, apareceu unha moza rindo. «O meu nome non ten importancia. Seguídeme». [...] Mirámonos confusos, sabendo que compartimos unha visión que non entendiamos, pero non dixemos nada. Andrés non sabía o que era unha visión, mais, como patófila, comprendín decontado que alguén proxectara en nós unha imaxe para facernos ver algo que chegaría a ter un significado máis adiante se tiñamos paciencia e sabíamos descifralo. Andrés limitouse a sacudir a cabeza como quen soña esperto e non puiden evitar sorrir, lembrando que na miña nenez, cando aínda era unha pequena descarada e inconsciente, xogaba a proxectar breves imaxes en Daia que a confundían ata que mamá se decatara e me rifaba ou a mesma Daia comezaba a diferencialas e a detelas co seu ollar violáceo. Ao pouco esquecérame daqueles xogos. Entre os máeres, as visións eran como cartas escritas transformadas en imaxes.

Vanesa Santiago  
*Ninguén lembra*  
Urco Editora, 2013

Ás veces, a fantasía épica e as distopías non constitúen unha realidade afastada, senón que se mesturan entre elas e coa nosa realidade. Na novela *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras* (2024), Alba Rozas funde fantasía épica e distopía nunha Galicia alternativa ameazada por robots asasinados e gobernada por feiticeiros e feiticeiras caciques que non conseguen acabar con esta praga ata que aparecen cinco superguerreiras. Cun protagonismo feminino claro, desde unha posición de poder e liderado, na liña do *anime* e do *manga* xaponeses, reflexiónase sobre o que nos fai humanos e nos diferencia das máquinas, incluída a intelixencia artificial e os cíborgs. É unha obra de lectura fácil a partir dos 15 anos que pode funcionar nas aulas con relación á materia de filosofía.

—Atopei o código fonte sobre a orixe das moscas que levo cinco anos a buscar —traguí saliva—. Aquí está a razón de que deixase a feitizaría e probabelmente o motivo de que abandone axiña a ciencia [...] Trátase de procedementos de robótica que se levaron a cabo con xente do común e algúns feiticeiros e feiticeiras, persoas enfermas, feridas ou terminais desde as dúas Grandes Guerras en diante. Para que me entendas, cando a atención hospitalaria baseada na feitizaría se demostrou insuficiente, os científicos propuxeron salvar a vida de alguén restituíndo calquera órgano danado por materia cibernética. É un exemplo do chamado transhumanismo, que avoga polo uso da tecnoloxía para superar as limitacións humanas, desafiando os límites naturais da mortalidade e as capacidades físicas e cognitivas. Nun principio, catalogaron o experimento de éxito sen se preguntar que significa ser humano ou se é ético transcender estes límites. De feito, as intervencións nun único individuo chegaron a ser múltiples, até que a programación e os comandos de diferentes partes do corpo instalaban os cambios de maneira automática, segundo ían detectando fallos orgánicos no resto. Ao se completar esta tarefa, non obstante...

Alba Rozas  
*Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*  
Boadicea Editora, 2024

### A modo de introdución...

*O cerne da ciencia ficción é o positivismo, unha corrente filosófica que xorde no século XIX da necesidade de se preguntar doutro xeito pola realidade. O positivismo afirma que o coñecemento provén da experiencia e que se obtén a través do método científico, rexeitando o dogma, a metafísica ou os prexuízos.*

### Ciencia ficción: O futuro deshumanizado e inhabitable

*Existe certo consenso á hora de establecer cal é a primeira novela de ciencia ficción, aínda que anteceda en certa medida o auxe do positivismo. Trátase de Frankenstein ou do moderno Prometeo de Mary Shelley.*

*Xa desde finais da década de 1970 e, sobre todo a partir de 1990, abundan as obras que, no eido da ciencia ficción, aventan para nós un futuro deshumanizado, cunha natureza arrasada, marcado pola ditadura da tecnoloxía, o pensamento único e, en moitos casos, a represión extrema das mulleres.*

Abrimos a selección con Manuel Lourenzo, un dos máis grandes narradores do noso tempo. *Atl* (2012) é unha proposta anovada sobre a existencia da Atlántida. Neste caso, ponse o protagonismo na política e no desenvolvemento tecnolóxico como fíos que urden o fatídico final desta terra desaparecida. Unha obra acaída a partir dos 16 anos.

Heriberto ficou onda a porta do cuarto de traballo dos rapaces. Nas pantallas dos seus monitores comezaron a debuxarse operacións matemáticas elementais dirixidas polas mans e as voces infantís. Noutro lado, o com da parede máis próxima emitía vistas de fantásticos destinos turísticos para todos os gustos, para calquera época do ano e ao alcance de calquera conta bancaria. O Estado, dicíase con voz baixa pero perceptible, ocupábase de que os cidadáns gozasen dun merecido descanso ao son dos seus soños máis profundos. A lóxica do enunciado que se lle ocorreu asustou a Heriberto:

—O pensamento. É como se quixesen apoderarse do noso pensamento.

Manuel Lourenzo

*Atl*

Edicións Xerais, 2012

*Galiza mutante. Poder nuclear* (2013), de Tomás G. Ahola, é unha obra de referencia para o público lector de 15 anos en diante. Nela, o autor postula o que ocorrería se unha bomba nuclear estoupase en Galicia e a raza humana devinise nunha serie de mutantes que loitan por sobrevivir a unha realidade que apenas recorda o mundo que habitamos hoxe.

A paisaxe desde o campanario do templo era impresionante, mesmo case fermosa, aínda que Horario non a podía ver, xa que nacera sen ollos. E, malia que poida parecer unha ironía do Destino, o feito de ser unha criatura cega a que subía ao tellado máis alto da cidade para dar as horas e ver se todo seguía baixo control, tiña o seu aquel, posto que a miúdo os ollos enganan.

Se Horario puidese ver cos órganos visuais ordinarios dun ser máis ou menos humano, o que ollaría desde a torre das campás sería unha cidade reciclada, feita cos restos doutra que estivera aló moito tempo atrás, pero que xa durmía baixo os cimentos da nova era. Ninguén dubidaba de que Cmph'sthulhu e a súa pintoresca xente fosen un gran motor de cambio e transformación, o lugar onde renaceran artes e ciencias perdidas para o saber común [...].

Os círculos interiores, moi pegados ao Templo e escasamente habitados, eran os que mellor conservaban a esencia do que fora a antiga cidade da Xente Vella, xa que os seus edificios foran construídos para duraren moito. O gran cuartel anular da garda permanente, as sedes das principais irmandades dedicadas ao coñecemento e o Templo en si eran construcións que saíran máis ou menos airosas dos tumultuosos tempos Froilán e do Caos [...].

Tomás G. Ahola  
*Galiza mutante. Poder nuclear*  
 Revista *Contos Estraños*, 2013

Finalmente, *Gastrulación* (2023) é unha proposta arriscada de Pablo Pesado, onde se xoga coa escrita ensaística baseada na embrioloxía para crear o mundo ficcional. Desde ese punto de partida, describe unha guerra inevitable entre dous grupos de seres: os A>B e os B>A. Malia a súa curta extensión, o nivel lingüístico fai que a novela sexa axeitada para o público lector a partir dos 16 anos.

O día 23 de marzo de 2148, unha funcionaria do Ministerio de Saúde recibiu unha chamada dun seu contacto en Industrie Quimotec. Aínda que por vía accidental conseguiran desenvolver un pesticida de espectro reducidísimo que eliminaba exclusivamente os caracois, como produto de venda xeral era case inútil. Porén, no contexto preciso, constituiría unha poderosa publicidade governamental. O químico era tan selectivo que non presentaba ningún efecto adverso en calquera outro gastrópode. Mesmo en individuos do clado Stylommatophora como as lesmas, a taxa de letalidade era anecdótica. *A supresión dos caracois na República Italiana*, disque publicitara o *project manager* de Industrie Quimotec cando fora convidado ao ministerio, «é suficientemente localizada como para non empurrar os ecosistemas alén das súas precarias marxes de equilibrio. Hai un risco, con certeza, mais sempre o haberá. Polo menos é o mínimo risco posible. En troca, ofrecemos a cabeza dun xénero enteiro, que é un trofeo valioso».

Pablo Pesado  
*Gastrulación*  
 Boadicea Editora, 2023

### A modo de introdución...

*Por último, da tradición, da mitoloxía e do folclore da nosa xorden, desde inicios da pasada centuria, historias de terror nas que o sobrenatural vinculado ás crenzas e á ultratumba atormentan o ser humano que poucas veces ten escapatoria.*

### Terror: Imos morrer todos

*O medo está representado na literatura universal desde os seus inicios, pois constitúe a emoción máis vella e forte do ser humano. É un sentimento que frecuentemente vai precedido da sorpresa, provocada pola toma de conciencia dun perigo que ameaza a nosa integridade.*

*O medo máis estendido, tanto na realidade coma na ficción, é o medo á morte, de onde xorde o xénero gótico. Este xénero caracterízase por desenvolver historias sensacionalistas e de suspense, por practicar unha narración innovadora pese ao uso repetitivo de elementos na trama e por presentar fenómenos sobrenaturais ou aparentemente sobrenaturais.*

Se pensamos en terror gótico, con casas encantadas e pantasmas, vénnos á mente unha listaxe interminable de filmes e obras escritas e protagonizadas por homes. Non obstante, a meirande parte delas teñen como referencia *A maldición de Hill House* (1959), de Shirley Jackson. Nesta novela, a autora estadounidense presenta dúas mozas protagonistas dun fenómeno paranormal nunha casa acubillada nun outeiro. Xunto cun profesor especialista e o futuro herdeiro da casa, as dúas mulleres embárcanse nun proxecto de estudo que culminará co sacrificio dunha delas. A novela, traducida ao galego por Miguel González Álvarez (2024), é acaída para o público lector de 15 anos en diante. Ademais, conta con varias películas e unha serie que permitirían facer comparacións sobre as adaptacións realizadas.

Cando entrou, foi abrir a ventá, que sempre atopaba pechada. Ía pola metade do cuarto cando escoitou bater outra vez a porta do de Theodora e o seu berro afogado:

—Eleanor!

Eleanor saíu correndo ao corredor e foi ata a porta de Theodora para se deter, arrepiada, e mirar por riba do seu ombreiro.

—Que foi? —borboriñou.

—Como que que foi? A ti que che parece? —preguntou Theodora, dando en berrar como unha tola—. A ti que che parece, parva?

—Parece pintura —dixo dubitativa—. Só que... —engadiu ao se decatar—, só que cheira moi mal.

—É sangue —dixo Theodora con firmeza. Agarrouse á porta e abaneaba canda ela, fitando—. Sangue. Por todos os lados. Non o ves?

Shirley Jackson

*A maldición de Hill House*

Boadicea Editora, 2024

Tradución de Miguel González Álvarez

### A modo de introdución...

*As posibles orixes do medo supoñen un dos alicerces sobre os que se asenta a diferenza entre os xéneros literarios do horror e do terror. Aínda que non é habitual establecer distincións entre ambos os dous, pois normalmente só se fala de terror, nas historias de horror non se ofrece ningunha opción satisfactoria ou de final feliz que poidan acadar as personaxes.*

O descoñecido, a angustia, o medo e a morte inexorable constitúen os elementos do horror e o nexo común dos catorce relatos que compoñen *Saturno tamén é Deus* (1997, reeditado en 2017), de Uxía Casal. Unha obra recomendada a partir dos 15 anos para quen teña as tripas ben amarradas.

Non lembraba cando pechara as contras, pero coa excitación da visita de certo fixera moitas cousas dun xeito mecánico. Cheiraba doce alí, doce e raro, como se unha substancia tépeda e empachosa se derramase polo chan. E antes de ver nada xa soubo que algo malo acontecera. Buscou co corazón encollido a confirmación daquela certeza, presentida apenas cando aínda non saltara da cama, sen imaxinar sequera de que podía tratarse. Micho, o bo de Micho, xacía no medio dun charco de sangue, inmobilizado nunha quietude que non semellaba natural; a faciana negra brillaba vermella, acharoadada, enmascarada polo sangue pegañento que manara dos ocos baleiros e escuros nos que antes estiveran, coruscantes e espelidos, os seus verdes ollos de gato doméstico, pacífico e obediente.

Uxía Casal  
*Saturno tamén é Deus*  
Urco Editora, 2017

### A modo de introdución...

*Fronte ao horror, no terror sempre existe unha posibilidade de escapatoria ou de redención para as personaxes, por pequena que esta sexa, aínda que finalmente non se chegue a dar.*

O xénero do terror exemplificámolo cunha obra peculiar. Trátase dunha antoloxía de textos poéticos nos que se presentan diferentes tipos de medo, pánico, terror e pavor. En *Un terror de auga fría* (2021), Álvarez Cáccamo propón un percorrido temático polo xénero do terror a través do prólogo e logo unha selección de poemas que se poden adscribir a este xénero ordenados cronoloxicamente. É unha obra intimamente ligada aos contidos curriculares, de doado emprego nas aulas desde os primeiros cursos da ESO e de posible lectura individual a partir dos 15 anos. Neste caso, decidimos seleccionar un fragmento de «O can danado», de Celso Emilio Ferreiro, pola súa fácil relación entre o terror do can ante o ser humano maltratador e o horror da sociedade durante a ditadura franquista.

### O can danado

Igual que un can danado nos camiños  
o terror anda solto polo mundo.  
Semella un vento negro que pousase  
as súas ás de corvo  
sobre a fronte dos homes temerosos.  
Un xeo de invernia en descampado  
paraliza os reloxos, perfora as gorxas  
e pon veos de anguria nas palabras.  
Un gran telescopio nos vixía  
como un ollo de Ciclope  
que segue os nosos pasos  
e fita sen acougo o noso rumbo,  
desde todas as fiestras,  
desde todas as torres,  
desde todas as voces que nos falan.

Celso Emilio Ferreiro  
*Longa noite de pedra*, 1962  
En VV. AA. *Un terror de auga fría*,  
de Álvarez Cáccamo, Xosé María (antólogo)  
Revista *Contos Estraños*, 2021

## Anexo 8

### Actividade na biblioteca 1

#### Afiando ben o lapis

Con este exercicio, buscamos que o alumnado atenda non só as capas e os títulos das obras, senón o resto de información que se achega nos expositores para tirar conclusións propias. Somos conscientes de que hai diversidade en canto á dificultade das preguntas. Con todo, asumimos que non é necesario respondelas todas nin tampouco que exista unha única solución posible. O importante é que o alumnado se divirta, que entre en contacto directo coas obras de fantasía, ciencia ficción e terror e, sobre todo, que se afeccione á lectura.

1. A ciencia ficción da década de 1990 presenta un futuro deshumanizado, pero que sector da sociedade é o que máis sofre esa represión extrema?
2. Busca tres exemplos de libros de fantasía épica nos que a protagonista sexa unha heroína.
3. Nesta exposición buscouse mostrar a existencia de mulleres escritoras. De todas estas obras, contabiliza o número de autoras e de autores e fai a porcentaxe de cada grupo.
4. Que supón o neocastrexismo de María Alonso?
5. Existiu unha revista que traballou pola publicación de novos talentos nos xéneros da fantasía, ciencia ficción e terror durante arredor de dez anos. Cal é o seu nome?
6. Cales son as dúas grandes editoriais que publicaron ou publican ciencia ficción, fantasía e terror en galego?
7. Nomea, cando menos, tres títulos que se estuden como obras fundamentais da literatura galega. Que teñen en común a maioría delas?
8. Cres que o resto de obras que aquí se presentan poderán entrar algún día nesas pezas fundamentais da literatura galega? Argumenta a resposta.
9. Begoña Caamaño fala sobre unha raíña que tiña o poder de curar e de mudar de forma. Que raíña é esa? Se tes acceso a Internet, busca información sobre ela.
10. De que deus fala Uxía Casal? Por que cres que emprega a figura deste deus en particular? Se tes acceso a Internet, busca información sobre el.
11. Atopamos unha autora estadounidense que trata o tema das casas encantadas. Cal é o título da obra aquí exposta? E o nome da autora? Se tes acceso a Internet, busca información sobre ela.

## Solucionario

1. As mulleres supoñen o sector máis prexudicado nas novelas de ciencia ficción. Podemos pensar en *O conto da criada*, de Margaret Atwood, por exemplo.
2. Presentan heroínas as novelas de *Ninguén lembra*, de Vanesa Santiago; *Non hai luz sen escuridade*, de Andrea Barreira, ou *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*, de Alba Rozas.
3. Nesta exposición, atopamos 19 autoras fronte a 59 autores, é dicir, o 24,35% de mulleres e o 75,65% de homes. Isto implica unha cuarta parte de autoras e tres cuartas partes de autores, o que demostra o camiño longo que nos queda por percorrer neste eido.
4. O neocastrexismo baséase no dominio dos homes sobre as mulleres, ademais do control, a represión e a violencia sobre elas en virtude dos avances científicos.
5. A revista que buscou publicar novos talentos nos xéneros da fantasía, ciencia ficción e terror durante arredor de dez anos foi *Contos Estraños*.
6. Urco Editora foi a editorial que iniciou o proceso de publicación de obras de ciencia ficción, fantasía e terror desde 2007 e, desde o 2022, Boadicea Editora é a única editora especializada nestes xéneros que está a publicar de maneira activa.
7. Son moitas as obras aquí expostas que forman parte do canon da literatura galega:
  - O lobo da xente*, de Vicente Risco;
  - A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*, de Vicente Risco;
  - Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*, de Vicente Risco;
  - Dos arquivos do trasno*, de Rafael Dieste;
  - Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*, de Castelao;
  - Na noite estrelecida*, de Ramón Cabanillas;
  - Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro;
  - As crónicas do Sochantre*, de Álvaro Cunqueiro;
  - Breña, Esmeraldina*, de Xosé Luís Méndez Ferrín;
  - Amor de Artur*, de Xosé Luís Méndez Ferrín;
  - Perceval e outras historias*, de Xosé Luís Méndez Ferrín;

*Galván en Saor*, de Darío Xohán Cabana;  
*Morgana en Esmelle*, de Begoña Caamaño;  
*Memorias de Tains*, de Gonzalo Rodríguez Mourullo;  
*O triángulo inscrito na circunferencia*, de Víctor Freixanes;  
*Soños eléctricos*, de Ramón Caride;  
*Á lus do candil. Contos a carón do lume*, de Ánxel Fole;  
*Trece badaladas*, de Suso de Toro;  
*Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz.

O que teñen en común estas obras é que a maioría delas (agás unha) están escritas por homes. Apenas contamos, entre as escritas por mulleres, con *Morgana en Esmelle*, de Begoña Caamaño.

8. Moitas das obras aquí expostas foron escollidas porque se estima que a súa contribución á literatura galega foi innovadora e decisiva no momento da súa publicación. Se esa relevancia se mantén co paso dos anos, é previsible que pasen a formar parte do canon literario.

9. Morgana foi unha poderosa fada da mitoloxía celta, media irmá do rei Artur e discípula de Merlín. Foi raíña da illa de Avalon e posuía o poder de curar e de mudar de forma. No ciclo artúrico, a fada Morgana é unha personaxe feminina que se presenta ás veces como a antagonista do rei Artur e mesmo como inimiga de Xenebra.

10. Aparece mencionado o deus Saturno, ao que se alude polo feito de que devorou os seus fillos. Esta imaxe tan macabra é a que suscita esa relación entre o título e os relatos que escribiu Uxía Casal.

11. A obra que buscamos é *A maldición de Hill House*, de Shirley Jackson. Esta autora naceu nos Estados Unidos e é coñecida principalmente polas súas obras de terror e misterio. Durante as dúas décadas de carreira como escritora, publicou seis novelas, dous libros de memorias e varios relatos curtos.

## Anexo 9

### Actividade de volta na aula 2

#### Lectura | 3º da ESO

#### *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*

Propoñemos o libro de lectura *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*, de Alba Rozas (Boadicea Editora, 2024), para o curso 3º da ESO. Presentamos unha serie de actividades para poder traballar o libro de lectura nas aulas ou mesmo para poder avaliar a súa posible lectura como obra obrigatoria nalgún dos trimestres.

Esta actividade consta de seis exercicios (e tres máis complementarios), cun progresivo nivel de dificultade. Busca relacionar os contidos da obra con parte da materia deste curso. Concretamente, traballaremos a análise de textos narrativos, centrándonos nas personaxes, nas narradoras, nos espazos e no tempo.

1. Responde as seguintes cuestións sobre a obra *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*, de Alba Rozas. Argumenta a resposta de xeito que demostres que liches o libro. Se o precisas, pódeste valer da propia obra.
  - a. Cales son as xemas de poder? Cal foi a última superguerreira en adquirir a súa?
  - b. Nomea tres espazos de acción da novela.
  - c. Por que o Lapislázuli non pode voar?
  - d. Principal diferenza entre o Santiago da novela e o da realidade.
  - e. Como chegou a descubrir Alecrín a verdade sobre as moscas?
  - f. De que dúas cidades rematan sendo caciques as carcereiras do monte Neme?
  - g. Con que nome rebautiza Lapislázuli o seu namorado?
  - h. Nome dos dous irmáns estudosos das pedras de poder.

- i. Que pedras atopa Alecrín na cripta da catedral de Santiago?
- l. Nomea as sete pedras primixenias antes de cambiaren nas cinco que existen no presente da novela.
- m. Con que sentidos ten relación cada unha das pedras de poder?

2. Dado este fragmento da novela, contextualiza o que está a ocorrer e argumenta cales son as personaxes principais e a narradora:

Eu creo que algo de comer aínda me queda. As roscas! Aquí as están! —ergueu a botella a contraluz—. Voulle mandar unha! Uhhh! Como presta! Moi ben. Imos ver logho como se está a desenvolver a disputa. Ca! O lapislásuli está preso dun puño xigante. Non creo que poida respirar con tanta area derredor. Ten que ser como se che pasaran a lixa. Que fásil escaparía se botase a voar! Pero non pode ou as moscas virán atrás nosa! Reis ben o sabe, por iso ataca con ghólems de terra. —Siña Benedita bruou—. Uhh! Morrighu! Morrighu acaba de aparecer! Por fin! Tan resplandesente á lus do día como hai sete anos! Chúsalle, chúsalle nos dedos! Así, moi ben! Abreu, abreu a man! Perfecto! Uhh! Ou non tanto... Transformouse nunha ghaiola de sinco barrotes. Merda!

3. Ademais das personaxes antes identificadas, realiza unha análise argumentada sobre as cinco superguerreiras e o seu papel como personaxes principais ou secundarias ao longo da novela. Establece en que pasaxes da obra son principais (e por que) e en cales son secundarias (e por que). Non esquezas poñer algún exemplo. Ollo! Lémbrete de facer mención á posición como protagonista e antagonista segundo o punto de vista da narradora.
4. Unha calidade desta obra é que as narradoras se van sucedendo no transcurso do texto. Identifica os diferentes tipos de narradora que aparecen e ilústraos mediante un exemplo de cada.
5. Os espazos da narración, malia que modificados na ficción, remiten a espazos reais. Identifica tres e busca imaxes que demostren a veracidade das descrições presentadas pola autora nesta obra. Lembra que te podes valer do código QR dispoñible ao final do libro, pois contén todos os espazos nomeados na obra.
6. Finalmente, na obra atopamos varios saltos temporais. Busca exemplos de desviacións do transcorrer lineal do tempo.

## Actividades complementarias

A continuación, propoñemos unha serie de actividades complementarias que permitirán valorar a comunicación oral do alumnado a través de conversas na aula.

1. Poñeranse en común aqueles elementos que resulten máis sorprendentes da obra.
2. Falarase, mediante fragmentos da obra, das diferentes variedades dialectais representadas.
3. Debaterase por grupos sobre os temas máis controvertidos: transhumanismo, diferenzas entre seres humanos, robots, cíborgs e intelixencias artificiais, amor vs. amizade etc.

## Solucionario

### 1.

- a. Lapislázzuli (Alecrín), Ametista (Coralia), Ámbar (Reis), Ónix (Eire) e Cuarzo (Mor). A última superguerreira en conseguir a súa pedra foi Coralia (Ametista).
- b. Aínda que son múltiples os espazos de acción, os máis destacados son a Illa de Ons, Santiago de Compostela, Lalín, A Coruña, Ribadeo e o monte Neme.
- c. Porque durante a batalla no Obradoiro ligouse á percepción das moscas e, deste modo, pódena detectar así que alza o voo, desvelando a súa localización ao momento.
- d. Na novela, recréase un Santiago de Compostela onde a cidade vella está infestada de moscas robóticas e cercada pola antiga muralla. Na nosa realidade, esta muralla botouse abaixo a finais do século XIX, tras un intenso debate no concello, co fin de ampliar os horizontes da cidade cara ao que hoxe en día coñecemos como zona nova ou ensanche.

- e. Estando ante a tumba da nai, cando a mosca disfrazada de vaqueiro a levou para que comprobase que non había corpo. De aí deduciu que realmente estaban a empregar as persoas moribundas para experimentar coa robótica.
- f. A que ten maior relevancia na narración da obra acaba sendo a cacique de Lalín, que aparece xa no primeiro fragmento da novela. A outra é cacique de Santiago de Compostela, aínda que non exerce porque o seu concello está dominado polas moscas.
- g. Lapislázzuli rebautiza o seu namorado co nome de Conan.
- h. Os irmáns espurios son Zalo Torrente e Gonza Ballester, que escribiron unha obra coñecida como *Crónicas Paranoicas ou Cascallos da fin do noso mundo*.
- i. O ónix, a ametista e o lapislázzuli.
- l. As sete pedras primixenias que posuían os carbunchos eran o topacio, o diamante, o rubí, a turmalina, o zafiro, a esmeralda e o ópalo.

- m. O ónix co ouvido, o lapislázzuli coa vista, a ametista co olfacto, o ámbar co tacto e o cuarzo co gusto.

### 2.

Antes deste fragmento, Alecrín chega á praia das Catedrais con Coralia montadas no polbo xigante chamado Siña Benedita. Van na busca de Reis para facela entrar en razón e convencela de que se una a elas na próxima batalla contra as moscas. As personaxes principais son Alecrín e Reis, pois son quen se enfrontan nunha gran batalla. Por unha banda, Reis pretende matar a Alecrín por deixar morrer a súa amada Mor. Por outra banda, Alecrín pretende convencer a Reis de que é factible revivir a Mor e loitaren todas xuntas de novo contra as moscas. A narradora desta escena é Coralia que, mediante o uso da segunda persoa, nos relata o que está a acontecer como unha retransmisora de competicións deportivas. Deste modo, consegue que nos introduzamos na acción e mesmo que formemos parte dela.

### 3.

É sinxelo identificar cando son protagonistas porque falan en primeira persoa ou a narradora está en segunda persoa transmitindo as súas accións. Aparecen como protagonistas en múltiples escenas da novela, pero de forma máis evidente no final da novela, cando pelexan contra os líderes das moscas e a perspectiva do narrador se move dunha para a outra, individualizándoas e facéndoas protagonistas. Atópanse como secundarias no resto de escenas en que participan xunto a aquela superguerreira que fai de protagonista, colaborando e contribuindo a que poida desenvolver a súa acción.

### 4.

Nesta novela aparecen os tres tipos básicos de narradora: 1) en primeira persoa (protagonista nas lembranzas de Mor e Reis, observadora nas lembranzas do monte Neme da cacique de Lalín, entre outros casos), 2) en terceira persoa (omnisciente ao longo da novela, observadora nas lembranzas de Alecrín extraídas no monte Neme) e 3) en segunda persoa (as lembranzas de Alecrín que lle relata Eire).

### 5.

Para a resolución deste exercicio bastaría con traballar a través do Google Maps ou introducindo os nomes dos lugares nalgún dos múltiples buscadores existentes.

### 6.

Todas as lembranzas serían saltos temporais cara atrás; polo tanto, *flashbacks* ou analepses.

## Lectura | 4º da ESO

### *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*

Propoñemos o libro de lectura *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*, de Alba Rozas (Boadicea Editora, 2024), para o curso 4º da ESO. Presentamos unha serie de actividades para poder traballar o libro de lectura nas aulas ou mesmo para poder avaliar a súa posible lectura como obra obrigatoria nalgún dos trimestres.

Esta actividade consta de seis exercicios (e tres máis complementarios), cun progresivo nivel de dificultade. Busca relacionar os contidos da obra con parte da materia deste curso. Concretamente, traballaremos a análise de textos narrativos e centraremos na variación dialectal ou dialectoloxía, na análise narrativa e na sociolingüística.

# Anexo 10

## Actividade de volta na aula 2

1. Responde as seguintes cuestións sobre a obra *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*, de Alba Rozas. Argumenta a resposta de xeito que demostres que liches o libro. Se o precisas, pódeste valer da propia obra.
  - a. Cales son as xemas de poder? Cal foi a última superguerreira en adquirir a súa?
  - b. Nomea tres espazos de acción da novela.
  - c. Por que o Lapislázuli non pode voar?
  - d. Principal diferenza entre o Santiago da novela e o da realidade.
  - e. Como chegou a descubrir Alecrín a verdade sobre as moscas?
  - f. De que dúas cidades rematan sendo caciques as carcereiras do monte Neme?
  - g. Con que nome rebautiza Lapislázuli o seu namorado?
  - h. Nome dos dous irmáns estudosos das pedras de poder.
  - i. Que pedras atopa Alecrín na cripta da catedral de Santiago?

- l. Nomea as sete pedras primixenias antes de cambiaren nas cinco que existen no presente da novela.
- m. Con que sentidos ten relación cada unha das pedras de poder?

2. Dado este fragmento da novela, contextualiza o que está a ocorrer e argumenta cales son as personaxes principais e a narradora:

Eu creo que algo de comer aínda me queda. As roscas! Aquí as están! —ergueu a botella a contraluz—. Voulle mandar unha! Uhhh! Como presta! Moi ben. Imos ver logho como se está a desenvolver a disputa. Ca! O lapislásuli está preso dun puño xigante. Non creo que poida respirar con tanta area derredor. Ten que ser como se che pasaran a lixa. Que fásil escaparía se botase a voar! Pero non pode ou as moscas virán atrás nosa! Reis ben o sabe, por iso ataca con ghólems de terra. —Siña Benedita bruou—. Uhh! Morrighu! Morrighu acaba de aparecer! Por fin! Tan resplandesente á lus do día como hai sete anos! Chúsalle, chúsalle nos dedos! Así, moi ben! Abreu, abreu a man! Perfecto! Uhh! Ou non tanto... Transformouse nunha ghaiola de sinco barrotes. Merda!

3. Realiza unha análise argumentada dos trazos dialectais presentes neste fragmento. Se for o caso, identifica tamén outras variedades dialectais presentes na novela. Mediante os mapas de trazos, determina en que lugar

ou lugares se fala da mesma maneira. Ollo! Na novela xa se identifica cada unha das superguerreiras co lugar en que naceron, polo que é máis sinxelo realizar esta tarefa se lembras ese dato.

4. Unha calidade desta obra é que as narradoras se van sucedendo no transcurso do texto. Identifica os diferentes tipos de narradora que aparecen e ilústraos mediante un exemplo de cada.
5. Os espazos da narración, malia que modificados na ficción, remiten a espazos reais. Identifica tres e busca imaxes que demostren a veracidade das descrições presentadas pola autora nesta obra. Lembra que te podes valer do código QR dispoñible ao final do libro, pois contén todos os espazos nomeados na obra.
6. Finalmente, neste libro preséntanse as cinco superguerreiras como personaxes con caracteres diferentes, mais en pé de igualdade en canto a status social e formación intelectual. Cres que na sociedade en que vivimos isto sería compatible co uso de variedades dialectais como a gheada e o seseo que empregan algunhas delas? Razona a túa resposta valéndote dos coñecementos adquiridos en sociolingüística.

## Actividades complementarias

A continuación, propoñemos unha serie de actividades complementarias que permitirán valorar a comunicación oral do alumnado a través de conversas na aula.

1. Poñeranse en común aqueles elementos que resulten máis sorprendentes da obra.
2. Falarase, mediante fragmentos da obra, das diferentes variedades dialectais representadas.
3. Debaterase por grupos sobre os temas máis controvertidos: transhumanismo, diferenzas entre seres humanos, robots, cíborgs e intelixencias artificiais, amor vs. amizade etc.

## Solucionario

### 1.

- a. Lapislázuli (Alecrín), Ametista (Coralia), Ámbar (Reis), Ónix (Eire) e Cuarzo (Mor). A última superguerreira en conseguir a súa pedra foi Coralia (Ametista).
- b. Aínda que son múltiples os espazos de acción, os máis destacados son a Illa de Ons, Santiago de Compostela, Lalín, A Coruña, Ribadeo e o monte Neme.
- c. Porque durante a batalla no Obradoiro ligouse á percepción das moscas e, deste modo, pódena detectar así que alza o voo, desvelando a súa localización ao momento.
- d. Na novela, créase un Santiago de Compostela onde a cidade vella está infestada de moscas robóticas e cercada pola antiga muralla. Na nosa realidade, esta muralla botouse abaixo a finais do século XIX, tras un intenso debate no concello, co fin de ampliar os horizontes da cidade cara ao que hoxe en día coñecemos como zona nova ou ensanche.

- e. Estando ante a tumba da nai, cando a mosca disfrazada de vaqueiro a levou para que comprobase que non había corpo. De aí deduciu que realmente estaban a empregar as persoas moribundas para experimentar coa robótica.
- f. A que ten maior relevancia na narración da obra acaba sendo a cacique de Lalín, que aparece xa no primeiro fragmento da novela. A outra é cacique de Santiago de Compostela, aínda que non exerce porque o seu concello está dominado polas moscas.
- g. Lapislázuli rebautiza o seu namorado co nome de Conan.
- h. Os irmáns espurios son Zalo Torrente e Gonza Ballester, que escribiron unha obra coñecida como *Crónicas Paranoicas ou Cascallos da fin do noso mundo*.
- i. O ónix, a ametista e o lapislázuli.
- l. As sete pedras primixenias que posuían os carbunchos eran o topacio, o diamante, o rubí, a turmalina, o zafiro, a esmeralda e o ópalo.

- m. O ónix co ouvido, o lapislázuli coa vista, a ametista co olfacto, o ámbar co tacto e o cuarzo co gusto.

### 2.

Antes deste fragmento, Alecrín chega á praia das Catedrais con Coralia montadas no polbo xigante chamado Siña Benedita. Van na busca de Reis para facela entrar en razón e convencela de que se una a elas na próxima batalla contra as moscas. As personaxes principais son Alecrín e Reis, pois son quen se enfrontan nunha gran batalla. Por unha banda, Reis pretende matar a Alecrín por deixar morrer a súa amada Mor. Por outra banda, Alecrín pretende convencer a Reis de que é factible revivir a Mor e loitaren todas xuntas de novo contra as moscas. A narradora desta escena é Coralia que, mediante o uso da segunda persoa, nos relata o que está a acontecer como unha retransmisora de competicións deportivas. Deste modo, consegue que nos introduzamos na acción e mesmo que formemos parte dela.

### 3.

Neste texto, atopamos gheada (algo, liña 1), un fenómeno propio das provincias de Pontevedra e da Coruña, así como da metade occidental de Lugo e dunha diagonal desde este último lugar ata o extremo sur oriental da provincia de Ourense.

Ademais, atopamos seseo tanto en posición final de sílaba (lus, liña 9), propio do bloque occidental e das zonas próximas do bloque central, así como en posición inicial de sílaba (lapislásuli, liña 4), propio da Costa da Morte e dos concellos con mar de toda a franxa Atlántica ata A Guarda.

Finalmente, aparece a forma da terceira persoa de singular do pretérito de indicativo dos verbos da terceira conxugación con terminación –eu (abreu, liña 10), forma propia dunha banda diagonal desde a ría de Pontevedra ao sur da ría de Muros e Noia, e ata o golfo Ártabro.

«Eu creo que **algo** de comer aínda me queda. As roscas! Aquí as están! —ergueu a botella a contraluz—. Voulle mandar unha! Ummm! Como presta! Moi ben. Imos ver logho como se está a desenvolver a disputa. Ca! O **lapislásuli** está preso dun puño xigante. Non creo que poida respirar con tanta area derredor. Ten que ser como se che pasaran a lixa. Que fásil escaparía se botase a voar! Pero non pode ou as mos-

cas virán atrás nosa! Reis ben o sabe, por iso ataca con ghólems de terra. —Siña Benedita bruou—. Uhh! Morrighu! Morrighu acaba de aparecer! Por fin! Tan resplandesente á **lus** do día como hai sete anos! Chúsalle, chúsalle nos dedos! Así, moi ben! Abreu, **abreu** a man! Perfecto! Uhh! Ou non tanto... Transformouse nunha ghaiola de sinco barrotes. Merda!».

### 4.

Nesta novela aparecen os tres tipos básicos de narradora: 1) en primeira persoa (protagonista nas lembranzas de Mor e Reis, observadora nas lembranzas do monte Neme da cacique de Lalín, entre outros casos), 2) en terceira persoa (omnisciente ao longo da novela, observadora nas lembranzas de Alecrín extraídas no monte Neme) e 3) en segunda persoa (as lembranzas de Alecrín que lle relata Eire).

### 5.

A definición destes conceptos pódese extraer do dicionario da Real Academia Galega, que identifica o **concello** como o territorio que está baixo a xurisdición dunha corporación constituída polo alcalde e os concelleiros; a **parroquia** como a división administrativa de rango inferior ao municipio e superior ao **lugar** e que, xunto con outras

parroquias, conforma un concello, e o lugar como o núcleo pequeno de poboación en que se divide unha parroquia, con poucos veciños e de carácter rural. O **microtopónimo** é o nome propio dun lugar, entendéndoo como calquera parcelamento do terreo tanto cultivable coma de produción agrícola ou forestal.

Para a resolución deste exercicio, cómpre empregar o buscador do Nomenclátor de Galicia:

<https://www.xunta.gal/nomenclator/busca-directa>

onde aparecen todos os concellos, parroquias e lugares oficiais de Galicia. Xa que logo, aqueles lugares que non se atopan nesta páxina son microtopónimos.

### 6.

Esta pregunta préstase para falar sobre os prexuízos lingüísticos, a supremacía lingüística e a diglosia ligada á concepción clasista de corte lingüístico.





**ANEXOS**  
**ACTIVIDADES 1º BACHARELATO**



## Anexo 11

### Actividade de volta na aula 2

#### Lectura | 1º de Bacharelato

##### *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*

Propoñemos o libro de lectura *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*, de Alba Rozas (Boadicea Editora, 2024), para o curso 3º da ESO. Presentamos unha serie de actividades para poder traballar o libro de lectura nas aulas ou mesmo para poder avaliar a súa posible lectura como obra obrigatoria nalgún dos trimestres.

Esta actividade consta de seis exercicios (e tres máis complementarios), cun progresivo nivel de dificultade. Busca relacionar os contidos da obra con parte da materia deste curso. Concretamente, traballaremos a análise de textos narrativos, centrándonos nas personaxes, nas narradoras, nos espazos e no tempo.

1. Responde as seguintes cuestións sobre a obra *Lapislázuli. O regreso das superguerreiras*, de Alba Rozas. Argumenta a resposta de xeito que demostres que liches o libro. Se o precisas, pódeste valer da propia obra.
  - a. Cales son as xemas de poder? Cal foi a última superguerreira en adquirir a súa?
  - b. Nomea tres espazos de acción da novela.
  - c. Por que o Lapislázuli non pode voar?
  - d. Principal diferenza entre o Santiago da novela e o da realidade.
  - e. Como chegou a descubrir Alecrín a verdade sobre as moscas?
  - f. De que dúas cidades rematan sendo caciques as carcereiras do monte Neme?
  - g. Con que nome rebautiza Lapislázuli o seu namorado?
  - h. Nome dos dous irmáns estudosos das pedras de poder.

- i. Que pedras atopa Alecrín na cripta da catedral de Santiago?
- l. Nomea as sete pedras primixenias antes de cambiaren nas cinco que existen no presente da novela.
- m. Con que sentidos ten relación cada unha das pedras de poder?

2. Dado este fragmento da novela, contextualiza o que está a ocorrer e argumenta cales son as personaxes principais e a narradora:

Eu creo que algo de comer aínda me queda. As roscas! Aquí as están! —ergueu a botella a contraluz—. Voulle mandar unha! Uhhh! Como presta! Moi ben. Imos ver logho como se está a desenvolver a disputa. Ca! O lapislásuli está preso dun puño xigante. Non creo que poida respirar con tanta area derredor. Ten que ser como se che pasaran a lixa. Que fásil escaparía se botase a voar! Pero non pode ou as moscas virán atrás nosa! Reis ben o sabe, por iso ataca con ghólems de terra. —Siña Benedita bruou—. Uhh! Morrighu! Morrighu acaba de aparecer! Por fin! Tan resplandesente á lus do día como hai sete anos! Chúsalle, chúsalle nos dedos! Así, moi ben! Abreu, abreu a man! Perfecto! Uhh! Ou non tanto... Transformouse nunha ghaiola de sinco barrotos. Merda!

3. Realiza unha análise argumentada dos trazos dialectais presentes neste fragmento. Se for o caso, identifica tamén outras variedades dialectais presentes na novela. Mediante os mapas de trazos, determina en que lugar ou lugares se fala da mesma maneira. Ollo! Na novela xa se identifica cada unha das superguerreiras co lugar en que naceron, polo que é máis sinxelo realizar esta tarefa se lembras ese dato.
4. Unha calidade desta obra é que as narradoras se van sucedendo no transcurso do texto. Identifica os diferentes tipos de narradora que aparecen e ilústraos mediante un exemplo de cada.
5. Os espazos nesta obra son realmente importantes. (a) Fai unha análise dos tipos de espazos en obras narrativas. Ademais, nesta novela abundan mencións a concellos, parroquias, lugares e mesmo microtopónimos. (b) Poderías definir estes catro conceptos e atopar tres exemplos de cada? Lembra que te podes valer do código QR ao final do libro, pois contén todos os espazos nomeados na obra.

6. Finalmente, neste libro preséntanse as cinco superguerreiras como personaxes con caracteres diferentes, mais en pé de igualdade en canto ao status social e á formación intelectual. Cres que na sociedade en que vivimos isto sería compatible co uso de variedades dialectais como os que empregan nos seguintes fragmentos? Identifica cales son eses trazos e razoa a túa resposta á pregunta anterior valéndote dos coñecementos adquiridos en sociolingüística.

- a. —Aínda que me confire certa vantaxe ser o teu irmán nos estudos sobre o porvir das supergherreiras —reflexionou Marvin—, descoñezo ata onde cheghan os poderer do lapirlázuli. A conta da batalla dar Lapas, corroboraches a capacidade da xema para replicar no presente unha pulsión de vida extinta, tanto co líder dar moscas, que recuperou parte da súa humanidade, como coa supergherreira do cuarzo, que volve estar con vosoutras.
- b. «Non dighades parvadas, se non saímos de aquí aghora mesmo vai quedar reducida a mighallas, ighual ca nós, e a ninguén lle importará!». O comentario de Reis arrincolle un sorriso ao futuro ónix, que non apartou a mirada de Alecrín mentres contestaba: «Non hai problema».
- c. —Que susede, Eire? De que estades a falar? —murmurou Coralia ao meu carón. Cun extremo do mandil limpaba a capa de suor, sangue e sucidade que lle cubría o rostro—. Muito tempo para latricar non tendes! Ca, ca, ca! Miña naisiña! —Un remuíño de moscas teitou de súpeto a praza—. O seo está ghris! Que imos faser aghora? Son demasiadas! Onde demo está Alecrinsiño?

Este exercicio tamén se pode traballar a través desta conversa onde aparecen tres das superguerreiras falando, cada unha coa súa propia variedade dialectal:

- Anda! —exclamou Coralia de súpeto—. Así que aquela bomba fora toda unha arghusia vosa! Pois vaia susto que nos metestes a Eire e mais a min, que baixamos do Pedroso a toda velocidade pensando se atoparíamos alghén vivo...
- Entón tivemos éxito porque a idea era alertarvos a vós e ao propio lapislázuli —comentou Mor dando palmas.
- Ei! Coralia, fai o favor! —protestou Reis coa boca chea—. Deixa o pexegho que queda para min!

## Actividades complementarias

A continuación, propoñemos unha serie de actividades complementarias que permitirán valorar a comunicación oral do alumnado a través de conversas na aula.

1. Poñeranse en común aqueles elementos que resulten máis sorprendentes da obra.
2. Falarase, mediante fragmentos da obra, das diferentes variedades dialectais representadas.
3. Debaterase por grupos sobre os temas máis controvertidos: transhumanismo, diferenzas entre seres humanos, robots, cíborgs e intelixencias artificiais, amor vs. amizade etc.

## Solucionario

### 1.

- a. Lapislázuli (Alecrín), Ametista (Coralia), Ámbar (Reis), Ónix (Eire) e Cuarzo (Mor). A última superguerreira en conseguir a súa pedra foi Coralia (Ametista).
- b. Aínda que son múltiples os espazos de acción, os máis destacados son a Illa de Ons, Santiago de Compostela, Lalín, A Coruña, Ribadeo e o monte Neme.
- c. Porque durante a batalla no Obradoiro ligouse á percepción das moscas e, deste modo, pódena detectar así que alza o voo, desvelando a súa localización ao momento.
- d. Na novela, recréase un Santiago de Compostela onde a cidade vella está infestada de moscas robóticas e cercada pola antiga muralla. Na nosa realidade, esta muralla botouse abaixo a finais do século XIX, tras un intenso debate no concello, co fin de ampliar os horizontes da cidade cara ao que hoxe en día coñecemos como zona nova ou ensanche.

- e. Estando ante a tumba da nai, cando a mosca disfrazada de vaqueiro a levou para que comprobase que non había corpo. De aí deduciu que realmente estaban a empregar as persoas moribundas para experimentar coa robótica.
- f. A que ten maior relevancia na narración da obra acaba sendo a cacique de Lalín, que aparece xa no primeiro fragmento da novela. A outra é cacique de Santiago de Compostela, aínda que non exerce porque o seu concello está dominado polas moscas.
- g. Lapislázuli rebautiza o seu namorado co nome de Conan.
- h. Os irmáns espurios son Zalo Torrente e Gonza Ballester, que escribiron unha obra coñecida como *Crónicas Paranoicas ou Cascallos da fin do noso mundo*.
- i. O ónix, a ametista e o lapislázuli.
- l. As sete pedras primixenias que posuían os carbunchos eran o topacio, o diamante, o rubí, a turmalina, o zafiro, a esmeralda e o ópalo.

- m. O ónix co ouvido, o lapislázuli coa vista, a ametista co olfacto, o ámbar co tacto e o cuarzo co gusto.

### 2.

Antes deste fragmento, Alecrín chega á praia das Catedrais con Coralia montadas no polbo xigante chamado Siña Benedita. Van na busca de Reis para facela entrar en razón e convencela de que se una a elas na próxima batalla contra as moscas. As personaxes principais son Alecrín e Reis, pois son quen se enfrontan nunha gran batalla. Por unha banda, Reis pretende matar a Alecrín por deixar morrer a súa amada Mor. Por outra banda, Alecrín pretende convencer a Reis de que é factible revivir a Mor e loitaren todas xuntas de novo contra as moscas. A narradora desta escena é Coralia que, mediante o uso da segunda persoa, nos relata o que está a acontecer como unha retransmisora de competicións deportivas. Deste modo, consegue que nos introduzamos na acción e mesmo que formemos parte dela.

### 3.

Neste texto, atopamos gheada (algo, liña 1), un fenómeno propio das provincias de Pontevedra e da Coruña, así como da metade occidental de Lugo e dunha diagonal desde este último lugar ata o extremo sur oriental da provincia de Ourense.

Ademais, atopamos seseo tanto en posición final de sílaba (lus, liña 9), propio do bloque occidental e das zonas próximas do bloque central, así como en posición inicial de sílaba (lapislásuli, liña 4), propio da Costa da Morte e dos concellos con mar de toda a franxa Atlántica ata A Guarda.

Finalmente, aparece a forma da terceira persoa de singular do pretérito de indicativo dos verbos da terceira conxugación con terminación –eu (abreu, liña 10), forma propia dunha banda diagonal desde a ría de Pontevedra ao sur da ría de Muros e Noia, e ata o golfo Ártabro.

«Eu creo que **algo** de comer aínda me queda. As roscas! Aquí as están! —ergueu a botella a contraluz—. Voulle mandar unha! Uhhh! Como presta! Moi ben. Imos ver logho como se está a desenvolver a disputa. Ca! O **lapislásuli** está preso dun puño xigante. Non creo que poida respirar con tanta area derredor. Ten que ser como se che pasaran a lixa. Que fásil escaparía se botase a voar! Pero non pode ou as mos-

cas virán atrás nosa! Reis ben o sabe, por iso ataca con ghólems de terra. —Siña Benedita bruou—. Uhh! Morrighu! Morrighu acaba de aparecer! Por fin! Tan resplandescente á **lus** do día como hai sete anos! Chúsalle, chúsalle nos dedos! Así, moi ben! Abreu, **abreu** a man! Perfecto! Uhh! Ou non tanto... Transformouse nunha ghaiola de sinco barrotes. Merda!».

### 4.

Nesta novela aparecen os tres tipos básicos de narradora: 1) en primeira persoa (protagonista nas lembranzas de Mor e Reis, observadora nas lembranzas do monte Neme da cacique de Lalín, entre outros casos), 2) en terceira persoa (omnisciente ao longo da novela, observadora nas lembranzas de Alecrín extraídas no monte Neme) e 3) en segunda persoa (as lembranzas de Alecrín que lle relata Eire).

### 5.

- a. Os espazos que podemos atopar nunha obra narrativa clasifícanse en reais e ficcionais. Neste caso, todos os nomeados ao longo da novela son reais, salvo aqueles interiores de espazos privados (o pazo da mosca disfrazada de vaqueiro, por exemplo). Do mesmo xeito, podémolos clasificar como abertos e pechados ou exteriores e interiores. Neste caso, redundaríamos nos anteriores en canto aos exemplos posibles. Finalmente, podemos falar de espazos rurais e urbanos. Os primeiros son todos aqueles espazos habitados cunha poboación inferior a 10.000 habitantes, polo que podemos contemplar todas as parroquias e lugares mencionados para o apartado b) deste exercicio. Os urbanos son aqueles con máis de 10.000 habitantes, onde atopamos as cidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Lugo, así como algunhas vilas, como Lalín, Bueu ou Betanzos.
- b. A definición destes conceptos pódese extraer do dicionario da Real Academia Galega, que identifica o concello como o territorio que está baixo a xurisdición dunha corporación constituída polo alcalde e os concelleiros; a parroquia como a división administrativa de rango inferior ao municipio e superior ao lugar e que, xunto con outras parroquias, conforma

un concello, e o lugar como o núcleo pequeno de poboación en que se divide unha parroquia, con poucos veciños e de carácter rural. O microtopónimo é o nome propio dun lugar, entendéndoo como calquera parcelamento do terreo tanto cultivable coma de produción agrícola ou forestal. Para a resolución deste exercicio, cómpre empregar o buscador do Nomenclátor de Galicia:

<https://www.xunta.gal/nomenclator/busca-directa>

onde aparecen todos os concellos, parroquias e lugares oficiais de Galicia. Xa que logo, aqueles lugares que non se atopan nesta páxina, son microtopónimos.

## 6.

a. —Aínda que me confire certa vantaxe ser o teu irmán nos estudos sobre o porvir das **supergherreiras** —reflexionou Marvin—, descoñezo ata onde cheghan os **poderer** do lapirlázuli. A conta da batalla dar Lapas, corroboraches a capacidade da xema para replicar no presente unha pulsión de vida extinta, tanto co líder dar moscas, que recuperou parte da súa humanidade, como coa supergherreira do cuarzo, que volve estar con **vosoutras**.

**Gheada, rotacismo, carece de seseo, uso do pronome «vosoutras».**

b. «Non dighades parvadas, se non saímos de aquí aghora mesmo vai quedar reducida a mighallas, ighual ca nós, e a ninguén lle importará!». O comentario de Reis arrincoulle un sorriso ao futuro ónix, que non apartou a mirada de Alecrín mentres contestaba: «Non hai problema».

**Só gheada, sen seseo (aínda que esta supergherreira emprega seseo en posición final de sílaba noutras intervencións).**

c. —Que susede, Eire? De que estades a falar? —murmurou Coralia ao meu carón. Cun extremo do mandil limpaba a capa de suor, sangue e sucidade que lle cubría o rostro—. MUITO tempo para latricar non tendes! Ca, ca, ca! Miña naisiña! —Un remuíño de moscas teitou de súpeto a praza—. O seo está ghris! Que imos faser aghora? Son demasiadas! Onde demo está Alecrinsifio?

**Seseo (en posición inicial de sílaba, polo que debe ter tamén en posición final), gheada e uso do indefinido «muito».**

Este exercicio tamén se pode traballar a través desta conversa, onde aparecen tres das supergherreiras falando cada unha coa súa propia variedade dialectal:

—Anda! —exclamou Coralia de súpeto—. Así que aquela bomba fora toda unha arghusia vosa! Pois vaia susto que nos metestes a Eire e mais a min, que baixamos do Pedroso a toda velocidade pensando se atoparíamos alghén vivo...

—Entón tivemos éxito, porque a idea era alertarvos a vós e ao propio lapislázuli —comentou Mor dando palmas.

—Ei! Coralia, fai o favor! —protestou Reis coa boca chea—. Deixa o pexegho que queda para min!

Aquí atopamos a Coralia con gheada e seseo, Mor sen ningún deses trazos e Reis con gheada, pero sen seseo.

Esta pregunta préstase para falar sobre os prexuízos lingüísticos, a supremacía lingüística e a diglosia ligada á concepción clasista de corte lingüístico. Ademais, os trazos que aparecen marcados en letra grosa en cada un dos fragmentos son: gheada, seseo (en posición final de sílaba e en posición inicial de sílaba), rotacismo, o indefinido «muito» e o pronome «vosoutras».

